

foz

Comezan as obras das glorietas na N-642 que dan acceso á vila. **Páx. 4**

ribadeo

Destinan 400.000 euros a mellorar as infraestruturas deportivas. **Páx. 12**

mondoñedo

Todo preparado para vivir as San Lucas, a partir do día 16. **Páx. 16**

trabada

Rematan as obras na escola unitaria de Vidal e na área recreativa de Vilapena. **Páx. 23**

lourenzá

A oposición do Concello explica os seus proxectos para a vila. **Páx. 25**

Na rúa, pola defensa da sanidade e a educación

A veciñanza do Vicedo continúa a denunciar a falta de médicos, mentres que en Alfoz lamentan os agrupamentos impostos no CEIP



A Mariña reuniu o turismo durante o verán

Recollen un incremento de visitantes do 10 % con máis de 66.000 viaxeiros. **Páx. 2**

Perfílase o novo mapa de Galicia

Establece como viable a posible fusión entre os concellos de Alfoz e O Valadouro, entre outras. **Páx. 21**

A Deputación pide melloras na educación

O Pleno aprobou unha moción na que reclama á Xunta que resolva a falta de profesorado. **Páx. 27**

Brearon



Entrevista aos organizadores deste festival de Mondoñedo. **Páx. 17**

A orixe dos apelidos



Entrevistamos á investigadora María José Ginzo, con raíces na Pontenova. **Páx. 19**

Marcha Xoviética



O colectivo xovense celebrará a sétima edición da proba o día 20. **Páx. 29**

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

A MARIÑA



Premian a 5 concellos da comarca dentro da Rede Praias sen Fume

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, fixo entrega en Cabanas dos diplomas das categorías de ouro e de prata que anualmente outorga a Xunta de Galicia no marco da Rede Galega de Praias sen Fume. Este ano, un total de 45 concellos acadaron a categoría de ouro ao ter declarados todos os seus areas libres de fume e deles 22 conseguiron por primeira vez este recoñecemento. Ademais, outros 8 conseguiron facerse coa distinción de prata, ao contar con máis do 50% das súas praias sen fume.

En concreto, foron recoñecidos co de ouro Cedeira, Cabanas, Corcubión, Laxe, Mañón, Noia, Oleiros, Ponteceso, Pontedeume, Rianxo, Valdoviño, Bergondo, Boiro, Cabana de Bergantiños, Dumbría, Malpica de Bergantiños, Muros, Barreiros, Cerro, Begonte, Castro de Rei, Chantada, Cospeito, Mondoñedo, Outeiro de Rei, O Saviñao, O Vicedo, Bande, Avión, Castro Caldelas, Vilariño de

Conso, Beariz, Laza, A Veiga, Castrelo de Miño, Cerdedo-Cotobade, Lalín, A Guarda, Baiona, Pontareas, Pontecaldelas, Redondela, Sanxenxo, Tui e Vilaboa. Pola súa banda, acadaron a categoría de prata os areas dos concellos de Camariñas, Fene, Ortigueira, Viveiro, Cambados, Mondariz, Poio e Soutomaior.

A expansión desta rede, que permite limitar o consumo de tabaco en espazos naturais, converteuse nunha ferramenta eficaz para protexer a saúde da poboación galega e preservar os espazos naturais. Así, durante a cerimonia, destacou o papel que estas medidas teñen, especialmente na desnormalización do consumo de tabaco entre os máis novos.

O responsable da Sanidade galega remarcou que “a creación de espazos sen fume non só protexe a saúde dos non fumadores, senón que tamén transmite unha mensaxe poderosa á mocidade: o normal é non fumar.

Agaca solicita medidas urxentes contra os danos do lobo

A Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca) trasladou una petición á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia urxindo que non se ignoren os problemas derivados da abundante presenza de lobos nalgunhas comarcas galegas, que ocasiona danos directos ao matar gando pero tamén indirectos ao reducir a produción dos que sobreviven nas explotacións, que ven o seu benestar afectado.

Concretamente, están a detectar numerosos ataques de lobo a explotacións de vacún que teñen os seus correspondentes cercados. Os lobos comezan a pasearse preto das persoas, vixían aos animais constantemente e buscan o momento oportuno e a escuridade da noite

para atacar. Basicamente, atacan e matan vacas enfermas ou preñadas e aos seus xatos máis novos. Vense testemuños na prensa de comarcas onde os lobos chegan a comer nos contedores do lixo das aldeas, con estimacións de mandas de máis de 20 exemplares.

Dende as cooperativas agrarias socias de Agaca entendemos que este grave problema de superpoboación de lobos debe ser xestionado. O lobo en Galicia non é unha especie en perigo de extinción, senón que está en franca expansión, e débese abrir un novo sistema de conservación onde a xestión das mandas permita a convivencia e o benestar do gando e reduza os potenciais riscos para a poboación.

A Mariña foi un dos lugares que recibiu máis turismo no verán

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fixeron balance da actividade turística do verán, cando a cidade de Lugo tivo especial protagonismo ao ser unha das cidades que tivo mellor comportamento nos meses de xullo e agosto.

De xeito global, Xosé Merelles salientou a “estabilidade” e ao “avance cualitativo” do turismo durante a época estival, na que a Comunidade galega rexistrou máis de 2,15 millóns de viaxeiros aloxados, que realizaron 4,8 millóns de noites, “mantemos as cifras de viaxeiros en verán de xeito cuantitativo, pero sobre todo medramos de xeito cualitativo, aumentando os días nos que os turistas quedaron en Galicia, repartindo a súa chegada polos concellos galegos e aumentando a rendibilidade do sector hoteleiro”.

Puxo como exemplo o crecemento que se rexistrou en xullo e agosto nalgúns xeodestinos como A Mariña lucense, con máis de 66.000 viaxeiros no sector hoteleiro e un crecemento do 10%; A Ribeira Sacra, con máis de 41.000 viaxeiros e un crecemento do 27% ou Trevinca-Valdeorras, que medrou un 22%. “Son só algúns exemplos de como estamos sendo quen de repartir a chegada dos viaxeiros por todo o noso territorio. Un dos nosos obxectivos principais, para seguir medrando de xeito sostible”, expresou.

Como dixo, nesta diversificación, tamén está a ser clave o Camiño de Santiago “que durante o verán permitiu dinamizar moitos concellos do noso rural debido ao crecemento no número de peregrinos que rexistramos”. En concreto, fixo alusión ás máis de 120.000 Compostelas que se recolleron en xullo e agosto, o que supuxo un crecemento do 15% na ruta xacobeá durante o verán.

MÁIS INTERNACIONAL. Tamén destacou o comportamento do turismo estranxeiro na época estival, que escolleu maioritariamente aloxarse en hoteis e pensións, onde este mercado rexistrou un incremento do 5,5%. Xosé Merelles fixo mención especial ao crecemento de viaxeiros procedentes de Italia, Portugal, Alemaña e o mercado americano que medrou un 2%.

“Ademais de medrar en número de viaxeiros e facelo de xeito repartido, en verán tamén avanzamos noutros parámetros como por exemplo, aos resultados económicos con máximos históricos en ingresos hoteleiros este



verán”, engadiu Xosé Merelles. En concreto, só en verán, nos meses de xullo e agosto estimábase que o sector hoteleiro galego obtivo uns ingresos totais nominais próximos aos 140 millóns de euros, un 5,3% máis que o ano pasado. E a súa rendibilidade medrou máis dun 8%.

DESESTACIONALIZACIÓN. Como subliñou o director de Turismo de Galicia, os datos do verán, que fixo públicos o Instituto Nacional de Estadística (INE) permiten facer, ademais, unha radiografía do comportamento turístico do ano en Galicia “no que

comprobamos que a mellora no turismo galego está a producirse por un incremento da demanda distribuído ao longo do ano. É dicir, que non se concentra só nos meses de verán e, ao contrario, repártase no ano”, indicou.

De feito, no que levamos de ano, rexistráronse incrementos de viaxeiros nos meses de febreiro, en máis dun 1% ou maio en máis dun 15% e no Camiño de Santiago foi aínda maior, con incrementos do 10% en xaneiro en número de Compostelas, dun 6% en febreiro e dun 19% en maio.

Crean un plan de rutas para desestacionalizar o turismo da comarca

A deputada de Economía, Facenda e Especial de Contas, e tamén Alcaldesa de Burela, Carmela López, participaron na presentación da quinta edición do programa de outono de rutas e visitas guiadas polos 16 concellos da Mariña. O acto celebrouse no Centro de Interpretación da Mariña (CENIMA), en Foz. A Deputación de Lugo apoia este proxecto, impulsado pola Mancomunidade de Concellos da Mariña, cunha achega anual de 25.000 euros, destacando o seu compromiso cun “turismo sostible, que pon en valor a nosa identidade, respecta o patrimonio natural e favorece o desenvolvemento local”, segundo subliñou López.

Baixo o lema A Mariña. Plans con corazón. 16 rutas e visitas guiadas por 16 concellos, o programa ofrece unha serie de actividades que buscan dar a coñecer a riqueza natural e cultural da rexión, promovendo o turismo ao aire libre e en contacto coa natureza. Carmela López destacou que o obxectivo do proxecto non é fomentar un turis-

mo rápido, senón que os visitantes poidan “saborear” a Mariña e gozar da súa tranquilidade e beleza, especialmente durante o outono.

Tamén sinalou que a diferenciación turística será clave para o futuro do sector, asegurando que a Mariña “ten moito que ofrecer”. Rocío López, Presidenta da Mancomunidade e Alcaldesa de Lourenzá, fixo fincapé no éxito das anteriores edicións, nas que participaron preto de 1.000 persoas desde o ano 2020. A edición de 2024 seguirá a mesma liña, organizando rutas e visitas guiadas por guías oficiais e anfitrións locais, co obxectivo de continuar difundindo o valor cultural e natural dos concellos da Mariña.

As actividades terán unha duración de entre 2 e 4 horas, con grupos limitados a 25 persoas, e o custo variará entre 5 euros para unha persoa, 8 euros para parellas e 12 euros para grupos de ata cinco membros. As reservas realizaranse a través da web oficial de Turismo de A Mariña Lucense.

O comité de empresa de Alcoa urxe unha reunión de seguimento

O Comité de Empresa de Alúmina de San Cibrao solicitou, por segunda vez, a celebración da 19ª reunión de seguimento do Acordo de Viabilidade. O comité recorda que o acordo establece que as reunións deben celebrarse de forma mensual durante os primeiros seis meses e de maneira trimestral a partir de entón. A última destas reunións tivo lugar o 12 de xuño de 2024, polo indica que agora corresponde realizar a do terceiro trimestre.

A nova solicitude foi feita o pasado 24 de setembro, e ata o momento non houbo resposta oficial para a súa celebración. Ademais, o comité fixo un chamamento ao Goberno

de España para que manteña o mesmo nivel de implicación que a Xunta de Galicia, e solicita a asistencia do Ministro de Industria, Jordi Hereu, e da Vicepresidenta e Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera. O Comité de Empresa comprométese a seguir informando sobre a evolución deste proceso.

Anteriormente, o Comité reuniuse co presidente da Xunta para solicitar unha maior implicación do Goberno autonómico na busca de solucións para o futuro da planta. No encontro, tratouse a necesidade de que a Xunta realice un novo requirimento a Alcoa para que pre-

sente a documentación pendente, fundamental para aprobar o recrecido do Depósito de Barro Vermello (DBR) e garantir a continuidade da actividade industrial.

Alfonso Rueda comprometeuse a asistir á próxima reunión de seguimento en Madrid, reiterando o seu apoio ao futuro do complexo e a unha posible intervención pública na factoría. O presidente da Xunta tamén sinalou o desinterese de Alcoa nos trámites necesarios para a ampliación do DBR, facendo un chamamento a deixar de lado as disputas políticas e unir esforzos co Goberno central.

Clausuran os obradoiros de Ribadeo e Barreiros e anuncian dous novos



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participou en Ribadeo na clausura do taller de emprego "Tecendo Coidados", unha iniciativa de formación en atención sociosanitaria a persoas dependentes promovida de xeito conxunto polos concellos de Ribadeo e Barreiros. Esta acción formativa, que recibiu un investimento de preto de 500.000 euros por parte do Goberno galego, culminou coa entrega de diplomas aos 16 participantes.

Arias felicitou aos alumnos e alumnas pola súa dedicación durante o ano de formación e animounos a utilizar os coñecementos adquiridos para mellorar as súas oportunidades no mercado laboral, especialmente nun sector con boa proxección profesional como o da atención a persoas dependentes. Ademais da clausura deste taller, o delegado anunciou a posta en marcha de dous novos obradoiros de emprego en Ribadeo e Barreiros, cun investimento total de 880.600 euros. Estes programas comezarán a principios de outubro e están deseñados para ofrecer formación especializada

en áreas como a construción, a xestión de residuos e a dinamización cultural.

O obradoiro Máis Emprego estará dirixido a 16 mozos e mozas menores de 30 anos e ofrecerá formación en mantemento de xardíns e dinamización cultural, con unha duración de 12 meses. Pola súa banda, o taller dual Constrúe en verde, cunha duración de nove meses, beneficiará a 20 persoas desempregadas con formación en construción, limpeza en espazos abertos e xestión de residuos.

A Xunta tamén destacou que os novos obradoiros estarán orientados a colectivos con dificultades de inserción laboral, incluíndo mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornadas e persoas de longa duración desempregadas.

No total, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinará este ano 7,1 millóns de euros para financiar 17 obradoiros duais en 46 municipios da provincia, o que permitirá mellorar as oportunidades laborais de 340 persoas desempregadas.

Alfonso Villares fixo unha visita á Residencia de Saúde Mental da Mariña

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, visitou a Residencia de Saúde Mental da Mariña, situada en Cervo, onde comprobou a colaboración levada a cabo dende o departamento que dirixe coa Asociación Saúde Mental da Mariña, e que permite, a través do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Mariña-Ortegal, a cooperación do sector pesqueiro co ámbito social.

Deste xeito, baixo a denominación *Conecta co mar. O mar é vida*, estanse a realizar distintas actividades vencelladas ao coñecemento e posta en valor do patrimonio cultural marítimo-pesqueiro e de sensibilización e coidado do medio mariño, co fin de favorecer o benestar psicolóxico e social das persoas con doenzas mentais.

En definitiva, distintas iniciativas que



permiten aos destinatarios achegarse de forma activa e consciente ao mundo do mar.

En *Un mar de diversión, integración e cultura* se encadran actividades orientadas a desfrutar dun tempo de ocio activo e saudable que axude a eliminar pensamentos autolíticos e a sentirse produtivos.

Un mar de saúde fala de accións

relacionadas co coidado do mar, a sensibilización medioambiental e o coidado da propia saúde; e en *Un mar de coñecemento* existe un proxecto destinado a obter información das Confrarías de Ribadeo, Burela e Celeiro e das redeiras de Burela, así como de aspectos de interese ao longo da historia relacionados co mundo do mar.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Un estudante focense, premiado no certame da asociación Ponte... nas ondas!

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!, con longa traxectoria de case 30 anos na promoción e posta en valor do patrimonio inmaterial, deu a coñecer aos premiados do VII Certame de fotografía Imaxes do patrimonio.

Un alambique ambulante por terras de Amandi, a primeira fábrica de gaseosas do concello de Laza a comezos do século XIX, unha estampa da vendima, un tataravó palangreiro en terras do Barbanza, un concurso de vestidos de bonecas nos anos 50 do século pasado, dous rapaces apenas adolescentes comezando como aprendices de albanel e ebanista, unha parella moceando na emigración londiniense dos anos 60, un día na sega do trigo, unha voda multicultural en Río de Janeiro hai case setenta anos, montando o palco da festa...

Os anteriores son tema dalgunhas das magníficas estampas, con grandes historias que as acompañan, e que foron premiadas na iniciativa, que supuxo unha nova viaxe pola memoria á que nos convida alumnado galego e portugués, coa colaboración das súas familias. Entre os premiados, Iago Rodríguez Edrosa de 1º da ESO do IES de Foz (Lugo) recibiu o accésit por Un día segando o trigo. O xurado integrárono Sergio Pereira antropólogo, Cristina Sánchez-Carretero investigadora e antropóloga, Xerardo Feijoo, profesor, e Fran Valcárcel profesor e membro da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! actuando como secretario con voz e sen voto.

O Torques de Marzán programa un curso de iniciación á fotografía

O Torques de Marzán organiza un curso gratuito de iniciación á fotografía, que terá lugar no Local Social O Pradovello. As sesións impartiranse os luns e mércores do 7 ao 30 de outubro, en horario de 20.00 a 21.30. Os interesados en participar poderán inscribirse chamando ao teléfono 684 151 730, aínda que as prazas son limitadas. O curso será impartido polos expertos Francisco Lestegás e José Ángel Niño, e está dirixido a todas aquelas persoas que desexen iniciarse na arte da fotografía. A asociación focense anima á veciñanza a aproveitar esta oportunidade de aprender e desenvolver as habilidades fotográficas de maneira totalmente gratuíta.

Comezan as obras das glorietas na N-642 para mellorar o acceso

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e o alcalde de Foz, Francisco Cajoto, presenciaron esta mañá o inicio das obras para a construción de dúas glorietas na estrada N-642. Este proxecto, adxudicado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ten como obxectivo mellorar os accesos á localidade e incrementar a seguridade viaria. Durante a súa visita, Pedro Blanco resaltou o compromiso do Goberno de Pedro Sánchez coa modernización das infraestruturas e a mellora das comunicacións en Galicia. “Este proxecto é un exemplo claro do noso esforzo para optimizar as conexións viarias en todo o territorio, favorecendo así a vertebración e o desenvolvemento das comarcas”, afirmou Blanco. O delegado tamén destacou que as novas glorietas serán fundamentais para mellorar a entrada ao concello de Foz, beneficiando tanto aos residentes como aos visitantes.



As obras, que teñen un orzamento de máis de 0,5 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses, implicarán a transformación das interseccións situadas nos puntos quilométricos 39+910 e 40+970 da N-642 en glorietas. O proxecto inclúe a reposición de marcas viarias e iluminación, a revisión e reposición da sinalización vertical, así como a mellora das

zonas de circulación peonil e dos elementos de drenaxe.

O alcalde expresou a súa satisfacción polo inicio destas obras, que se enmarcan nunha iniciativa destinada a optimizar a seguridade e fluidez do tráfico nunha das principais vías de acceso. Coas novas glorietas, agárdase unha mellora significativa e un impulso ao desenvolvemento local.

A Espiñeira celebra as súas festas a fin de semana do 11 e 12

As Festas na honra da Virxe do Pilar celebraranse na localidade da Espiñeira, os días 11 e 12 de outubro. Este evento festivo promete dous días de diversión e tradición, con actuacións musicais e actividades relixiosas. O venres 11 de outubro, a partir das 22.30 horas, comezará a verbena coa actuación de Dúo Sensación e a orquestra Cinema, ofrecendo unha noite de música e baile para os asistentes.

O sábado 12 de outubro, as celebracións comezarán ás 13.00 horas cunha misa solemne e a posterior procesión. Ademais, haberá unha sesión vermú animada pola orquestra Solara. Pola noite, a partir das 22.30 horas, terá lugar outra gran verbena a cargo do Dúo Belinda e a orquestra Solara, poñendo fin ás festas cunha noite de entretemento e boa música. As festas contarán cunha carpa para garantir o confort dos asistentes en caso de mal tempo. Organizadas en colaboración co Concello de Foz e outras entidades locais, as festas prometen ser un punto de encontro para veciños e visitantes.

Afectados da residencia denuncian que as familias aboarán o 100 %

A recente proposta da Alcaldía de Foz para adxudicar a xestión da Residencia de Maiores e o Centro de Día a unha empresa privada xerou unha forte polémica entre os veciños e usuarios actuais do servizo. Desde unha plataforma de afectados, denuncian que esta medida provocará unha suba “brutal e desproporcionada” nas tarifas, facendo o servizo inasequible para moitas familias da localidade.

Os afectados acusan a Alcaldía de basear a súa decisión nun estudo de viabilidade con partidas de gasto infladas e sen unha análise previa. A proposta, segundo afirman, busca que os usuarios asuman o 100 % do custo do servizo desde o primeiro mes, sen ter en conta a súa capacidade económica. Denuncian, ademais, que o Concello non alcanzará contraprestación algunha, obrigando os usuarios ou as súas familias a pagar integramente as tarifas.

A Alcaldía, pola súa parte, asegura que existe unha partida de

270.000 euros nos orzamentos municipais deste ano para axudar a aquelas persoas que non teñen capacidade económica suficiente. Non obstante, os afectados argumentan que máis do 90% dos usuarios non poden acceder a estas axudas debido aos requisitos restritivos da actual ordenanza, que o goberno local se nega a modificar para ampliar a cobertura social.

Ademais, os afectados critican que a nova ordenanza reguladora dos servizos da Residencia e Centro de Día está en trámite sen a debida exposición pública. Consideran que a privatización do servizo favorecerá unicamente a maiores con pensións máximas ou familias acaudaladas, deixando fóra a moitos veciños con recursos limitados.

Pola súa parte, o PP de Foz volve mostra a súa oposición á residencia ata que non se resolvan as axudas. O PP propón como alternativas a implantación dun canon ou a modificación da ordenanza das axudas de emer-



xencia. Javier Castiñeira, voceiro do PP de Foz, sinalou que recibiron múltiples queixas de familiares e residentes preocupados polos novos prezos propostos polo alcalde, que consideran inasumibles. “Con estas novas taxas, moitos usuarios non poderán pagar e veranse obrigados a abandonar a residencia”, advertiu.

O PP critica duramente a postura do goberno socialista, acusándoo de falta de sensibilidade. Castiñeira cualificou de “incom-

prensible” a actitude do alcalde, afirmando que a protección das persoas maiores con menos recursos é unha responsabilidade municipal. Ademais, subliñou que o seu grupo non apoiará o que consideran unha “inxustiza” e rexeitou posibles “ameazas veladas” sobre responsabilidades persoais polo seu rexeitamento á proposta.

A situación xerou un novo foco de tensión na vila, sen unha resolución clara para o futuro da residencia.

Revisan avances en proxectos das infraestruturas municipais

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro de Relacións Institucionais, Carlos García, mantiveron unha reunión de traballo coa subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e con responsables da Demarcación de Estradas en Galicia, entre eles Ángel González del Río e Beatriz González del Riego, para analizar proxectos clave de infraestruturas no concello. Durante o encontro, abordaron o estado das obras da nova rotonda no cruce de Gralleira-Ribela, en Cangas, sobre a estrada N-642.

Segundo explicou Cajoto, “as obras desta rotonda, cun investimento superior aos 720.000 euros, finalizarán este ano, mentres que a segunda rotonda, no cruce da N-642 coa estrada LU-162, se executará no primeiro semestre de 2025”. Estas actuacións son executadas pola empresa Matinsa dentro dun contrato de conservación da rede viaria. O alcalde destacou a importancia destas obras, que considera “moi necesarias por seguridade e para mellorar a mobilidade dos veciños”. Tamén subliñou que foron un compromiso electoral cumprido: “Non vendemos fume, traballamos arreo



e agora é unha realidade”.

A xuntanza tamén permitiu avanzar na mellora da intersección da N-642 coa estrada LU-152 na Corredoira, cuxo proxecto construtivo está a piques de ser aprobado. Esta obra, segundo Cajoto, “beneficiará ás parroquias de Santo Acisclo, Santa Cilla, San Martiño e Vilaronte”, especialmente no verán, cando o tráfico no cruce aumenta. Outro tema abordado foi o deseño e aprobación do Terceiro Acceso desde a variante, que mellorará a mobilidade no casco urbano de Foz.

Cajoto tamén demandou avances na autovía A-74, fundamental para Foz e toda a comarca da Mariña, co obxectivo de mellorar a conexión e o desenvolvemento da zona.

O equipo de goberno agradeceu á Demarcación de Estradas o impulso dado a estes proxectos, destacando o traballo coordinado entre todas as partes. Carlos García, concelleiro de Relacións Institucionais, subliñou que “seguiremos traballando por mellorar a seguridade e mobilidade, sempre pensando nas persoas”.

O alcalde demanda da Xunta unha solución á falta de transporte

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, solicitou unha solución inmediata á Xunta de Galicia para resolver a falta de transporte público que está a afectar aos estudantes do municipio. Cajoto, xunto co concelleiro Ángel Fernández Neira, recibiu na Casa do Concello a un grupo de estudantes do IES Perdouro de Burela que non puideron acudir ás clases debido á falta de asentos dispoñibles na liña de autobús regular.

O rexedor municipal explicou que “só dous estudantes conseguiron subir ao autobús, mentres que o resto tivo que quedar sen transporte”. Esta situación repítese diariamente, o que obriga aos alumnos a decidir entre eles quen pode asistir ás clases e quen non. “É imprescindible reforzar a liña para garantir que todos os estudantes teñan acceso ao transporte escolar. Falamos de alumnos de ensinanza pública que perden clases por falta de prazas. Hai que adaptar o servizo ás necesidades reais de forma urxente”, sinalou Cajoto.



Ademais, o Concello de Foz segue á espera dunha reunión coa Dirección Xeral de Mobilidade para solicitar a modificación do percorrido da liña Alfoz-Burela, co fin de incluír os veciños de Cordido e Moudide, zonas tamén afectadas polos problemas de transporte. Cajoto urxe á Xunta a actuar de inmediato para resolver estas incidencias e garantir o acceso ao transporte público de todos os estudantes da localidade.

do 26 setembro ao 31 outubro

RASCA & GANA

55.000 PREMIOS

Reclama o teu agasallo no establecemento que aparece en cada tarxeta premiada

5 LOBIÑOS
ALAIN AFFLELOU FOZ
ARRULLOS
BRIZ PELUQUERÍA Y ESTÉTICA
CENOR BELIANORTE
CHINELA NENOS
CHUVIA
CLÍNICA VETERINARIA FOZ
DECORACIONES PURA
DON ZAPATO
DERMOTERAPIA
CENTRO DE ESTÉTICA
ELECTRICIDAD NUÑEZ
FERRETERÍA FUENTE
GINZO HOMBRE
GINZO MUJER
HEDRA
HOLA OLA
INFOTEC
ISLA
KOUETAS MODA
KUKADAS

LA FLOR ABULENSE-2
LENCERÍA ESTHER
LIBRERÍA A RAPADOIRA
LIBRERÍA BAHÍA
LIVING SPORT
LOS DULCES DE DELPHINE
LOURDES MODA ÍNTIMA Y BAÑO
MERCERÍA VERA
MI CASA
MIDAIR FASHION KIDS
OFIFOZ
PASTELERÍA ANDURIÑA
PASTELERÍA XOYMA
PIRDE CALZADO
PIRDE MODA
THECÉ
TIEN 21 CELSO
UNIQUE
VAS'S
VAS'S OUTLET
XOGUETERÍA BAHÍA

Os premios desfrutaranse segundo as condicións de cada establecemento e non son acumulables entre eles nin con outras ofertas.

Acia Foz repartirá 55.000 premios coa súa campaña Rasca Gaña ata o día 31

AciaFozCCA puxo en marcha unha nova campaña promocional denominada Rasca Gaña, que repartirá 55.000 premios entre os clientes que realicen as súas compras nos establecementos adheridos. A iniciativa desenvolverase ata o 31 de outubro co obxectivo de dinamizar o comercio local e premiar a fidelidade dos consumidores.

Segundo explicou o presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo, a campaña busca “contribuír á dinamización económica dos establecementos participantes e premiar á súa fiel clientela”. Participan un total de 31 locais de diferentes sectores, entre os que se inclúen tendas de moda, librarías, clínicas veterinarias, perruquerías e pastelerías, entre outros.

Os premios estarán suxeitos ás condicións de cada establecemento e non serán acumulables nin combinables con outras ofertas. A campaña conta co apoio da Xunta de Galicia e o Concello de Foz, e foi presentada polo propio Paleo, o alcalde de Foz, Fran Cajoto, e a concelleira de Comercio, Kathy Navarro.

Turismo rexistrou este verán un milleiro de visitantes máis

As oficinas de turismo de Foz e o Centro de Interpretación da Basílica de San Martiño atenderon este verán a mil persoas máis que no mesmo período do ano anterior. Segundo a concelleira de Turismo, Kathy Navarro, este aumento reflicte a tendencia positiva que o concello vén experimentando nos últimos anos, coa chegada de turistas atraídos polas súas praias, patrimonio histórico e oferta cultural. Navarro destacou que o 87 % dos visitantes son de procedencia nacional, sendo Madrid a principal orixe, seguida de Galicia e Asturias. No ámbito internacional, Francia lidera o turismo estranxeiro, representando o 45 % dos turistas que visitan Foz. Outros países como Inglaterra, Italia e Portugal tamén tiveron presenza, cunha media do 12 % cada un. Ademais, a ocupación dos aloxamentos turísticos durante o verán roldou o 100 %, co incremento de visitantes do sur de España grazas ás temperaturas máis suaves da zona.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, valorou moi positivamente o impacto económico do turismo no concello



e fixo fincapé na necesidade de mellorar a sustentabilidade. “Estamos a medrar ano a ano, pero precisamos máis recursos para atender a crecente demanda”, sinalou o rexedor. Cajoto reclamou a implantación dunha taxa turística que permitiría ao concello mellorar os servizos sen sobrecargar a veciñanza.

O alcalde tamén resaltou o incremento do número de empadroados en Foz, un indicador positivo que reflicte o dinamismo do con-

cello. Ademais, mencionou a reactivación de promocións inmobiliarias e novos proxectos de vivenda, mentres apelaba a unha reflexión sobre a regulación da vivenda turística para compatibilizar o turismo cun mercado de alugueiro máis accesible. Por último, Cajoto quixo agradecer o traballo do persoal municipal durante o verán, destacando o esforzo realizado polos operarios e o servizo de salvamento, que garantiu un verán sen incidencias graves nas praias.

O PP esixe a creación dunha comisión de tráfico para solucionar “o caos circulatorio”

O Partido Popular, a través do seu voceiro Javier Castiñeira, solicitou a convocatoria inmediata dunha comisión de tráfico para abordar o que considera un “fracaso” nas medidas adoptadas polo alcalde en materia de mobilidade. Segundo Castiñeira, as decisións unilaterais do rexedor causaron un caos circulatorio que chegou a “dividir o municipio en dúas partes mal comunicadas”.

O voceiro subliña a necesidade de incluír nesta comisión representantes de todos os grupos da Corporación, a Policía Local e os técnicos do plan de mobilidade, co obxectivo de atopar solucións de consenso. “Non se pode seguir tomando decisións sen contar coa opinión dos expertos e dos corpos que aplican as normas de tráfico”, afirmou Castiñeira.

Entre os problemas que sinala está o cambio de sentido da rúa Irmandiños, que “se fixo ás presas antes das eleccións e resultou ser un erro para a mobilidade”. Ademais, denunciou o exceso de tráfico en rúas non preparadas para asumir tal carga, a ocupación de aparcadoiros por material de obra, e a división do núcleo urbano de Foz.

A UNED ofrece cursos de psicoloxía, francés e primeiros auxilios este mes

A concelleira da Aula Universitaria da UNED de Foz, Elena Martínez Pena, e a coordinadora da mesma, Marta Muíña Rodríguez, presentaron a programación formativa para o mes de outubro, dando comezo ao novo curso académico. Entre as actividades destacadas atópanse un curso de psicoloxía, un de francés básico, formación en primeiros auxilios pediátricos e unha xornada de limpeza voluntaria na praia da Rapadoira.

A oferta formativa comeza cun curso de psicoloxía titulado *Querida esixencia: de neno bo a adulto perfecto*, impartido pola psicóloga focense Alba Burundarena, quen conta cunha ampla experiencia en formacións similares. O curso será exclusivamente online e celebrarase todos os mércores de outubro. Muíña resaltou que a psicóloga “sempre deseña formacións moi demandadas e exitosas” na Aula.

Tamén se ofrece o curso de Francés Básico (nivel A2), que chega á súa terceira edición. As clases serán presenciais, os mércores de 17 a 20 horas. A concelleira Martínez Pena subliñou que “contar



con formacións demandadas pola veciñanza é fundamental, e cando as propostas funcionan, debemos seguir ofrecéndoas”. Esta formación xa consolidada busca satisfacer as necesidades de aprendizaxe de idiomas da comunidade local.

Outra actividade destacada é o curso de Primeiros Auxilios Pediátricos, impartido polo enfermeiro e docente Camilo Vázquez, quen

ten ampla experiencia no ámbito das emerxencias. Desenvolverase do 8 ao 29 de outubro, os martes de 17 a 20 horas. Esta formación combina coñecementos teóricos e prácticos, e conta con material especializado que permite unha aprendizaxe motivadora e participativa para o alumnado.

Ademais dos cursos, o 28 de outubro está programada unha xornada de limpeza simultánea de praias, organizada por ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia). Esta actividade de voluntariado ambiental ten como obxectivo concienciar á sociedade sobre a contaminación mariña. A coordinadora Marta Muíña explicou que “queremos traballar pola divulgación ambiental e continuar coa pegada do proxecto #LugoNaturalmente”. A concelleira engadiu que se convida a participar a centros de ensino, concellos do litoral e a persoas particulares. Para obter máis información sobre calquera delas pódese contactar coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou no correo electrónico foz@lugo.uned.es.

O mellor cine galego chega á Casa da Cultura

A Casa da Cultura de Foz volve a converterse nunha sala cinematográfica este mes de outubro coas proxeccións dos documentais, longametraxes e, por primeira vez, curtas do Ciclo Mestre Mateo. Todas as finalistas poderanse ver os mércores e xoves deste mes, ás 20.00 hoas. Tan só deixan para o domingo 13 a película *Salta!*, para todos os públicos. O documental *A viaxe de Lucy*, o mércores 2, é o encargado de inaugurar as proxeccións, que seguen o xoves coa longametraxe *Fatum*. O xoves 10 é a quenda do filme *Matria* e o domingo 13, a partir das 18h, será quenda para o filme para todos os públicos, *Salta! Emoción vida e teatro: a nave das Mariás* será o documental que se proxectará o mércores 16, e o xoves 17 poderase gozar da gañadora a mellor longametraxe, *O cornio*. O mércores 23 será o gañador a mellor documental o protagonista, *Os espazos en branco*. E o xoves 24 e mércores 30 haberá dúas sesións nas que se proxectarán as curtas finalistas,



tanto de animación como de imaxe real. A concelleira de Xuventude, Zoraida Coira, destaca a oportunidade un ano máis, da man da Academia do Cine Galego e da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, de poder gozar do mellor cine galego do ano, con proxeccións non só de longametraxes que se distribuíron en salas de cine, senón de documentais e curtas que non tivemos posibilidade de ver.



CIRCUÍTO TEATRO 20 PROFESIONAL 24



Señor López Producións
A viaxe do Señor López



Itaca Teatro
Único minutos sen respirar



Bodega Teatro
O Pano



Itaca Teatro
Anacos



Trécola Producións
Coa música a outra parte



Teatro do Miño
Aruado do Germe



Microteatro Titeres
Alas de Gardón



Liló Teatro
Raza Avis



Pínoonís
Pínoonís



Trécola Producións
Maestrólogo



Libú Teatro
Madness



Compañía S. do Dr. Morifate
Bachos, un home solo




Itaca Teatro
Formigas no peito



Libú Teatro
O vixilante dos soños



Satori Teatro
Masculino singular



Bodega Teatro
O mundo de Bertina



Teatro do Miño
Aruado do cervo



Loia Producións
Visitation Consolación
Acoláza



Xamón Produción
María Balteira



Baixo da area Teatro
Poeta en Nova York



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



Son Burela denuncia unha caída do 40 % nos usuarios da Escola de Música

Dende Son Burela lamentan a actuación do equipo de goberno con respecto á Escola Municipal de Música. “É un claro exemplo da súa pouca capacidade de xestión. Dende que asumiron o cargo en xuño de 2023, non foron capaces de xestionar con éxito ningún curso”, asegura o concelleiro Alberto Eiroá. A poucos días de comezar o novo curso, os propios usuarios da escola, xa dan “por perdido outro curso, o segundo curso consecutivo perdido polos erros e a xestión dende o goberno”.

Eiroá afirma que en xaneiro deste 2024, canceláronse os contratos do 70 % dos docentes. “Isto foi provocado pola falta de previsión do equipo de goberno, xa que non foron capaces de afrontar con anterioridade unha situación que se ía producir si ou si, derivada dos procesos administrativos. O resultado foi que de 10 docentes so daban clases 3 e os usuarios estiveron sen recibir clase durante máis de medio curso”.

Actualmente, “seguen sen cubrirse as prazas de docente de guitarra e de percusión”. O concelleiro afirma que dende o Goberno argumentan que non hai xente para cubrilas e, en parte, “teñen razón, xa que a realidade é que non hai docentes



que queiran regalar o seu tempo e o seu traballo. As condicións que se ofertan cando se convocan as prazas, provocan que non sexan interesantes para ninguén, polo que sexa complicado cubrilas”.

A xestión non só afecta ós docentes. “Tamén se ve reflectida no descenso do número de usuarios. Un descenso de usuarios do 40 % dende o curso 2022/23, no que había matriculados 133, fronte ó actual, no que so hai matriculados uns 80”. Esta diminución vén provocada, segundo di, pola falta de confianza de cara ó Goberno de Burela, xa que, un ano tras outro, os usuarios “vén a cantidade de problemas que implica formar parte da Escola Municipal” e elixen outras opcións.

O BNG levará ata o Parlamento a situación dos centros educativos

Representantes do BNG mantiveron encontros coa comunidade educativa de Burela para abordar os problemas que se están a vivir nos centros educativos ao comezo deste curso escolar. Segundo os directores e profesores, moitas das dificultades xa veñen de anos anteriores e seguen sen solución por parte da Xunta de Galicia. O tenente alcalde e concelleiro de Educación de Burela, Mario Pillado, e a concelleira de Asuntos Sociais, Sandra Fernández Cillero, acompañaron ao deputado nacionalista Daniel Castro nas reunións mantidas cos equipos directivos dos institutos Monte Castelo e Perdouro, así como dos colexios Vista Alegre e Virxe do Carme. Pillado destacou que “a situación en Burela é única, con 1350 alumnos distribuídos en catro centros educativos, onde conviven máis de 40 nacionalidades diferentes”. Aínda que esta diversidade é positiva, o concelleiro subliñou que require máis recursos. “Non se poden aplicar os mesmos ratios e financiamento que noutros centros de Galicia”, engadiu, criticando a falta de acción por parte da Consellería de Educación. Entre as principais necesidades sinaladas polos equipos directivos,



destacan a instalación dun ascensor e a cuberta da pista polideportiva no IES O Perdouro, así como a cuberta das pistas no colexio Vista Alegre. O colexio Virxe do Carme, pola súa banda, demanda a creación dunha praza de coidador/a, mentres que os institutos Monte Castelo e Perdouro subliñan a necesidade de mellorar as liñas de transporte escolar para garantir que os alumnos cheguen puntualmente ás clases.

A concelleira de Asuntos Sociais, Sandra Fernández Cillero, tamén fixo fincapé na falta de recursos para o alumnado con necesidades especiais. Propuña a creación dun centro específico con recursos combinados, que puidese traballar en

colaboración cos centros públicos da comarca para ofrecer un mellor apoio a este alumnado. Tras os encontros, o deputado Daniel Castro anunciou que nos próximos días rexistrará varias iniciativas no Parlamento galego para dar resposta ás necesidades educativas de Burela. “O Partido Popular e a Xunta deben actuar xa para garantir que estas carencias sexan cubertas”, declarou Castro. Esta reunión forma parte dunha rolda de encontros que o BNG está a realizar coa comunidade educativa de A Mariña para coñecer de primeira man as problemáticas existentes nos centros escolares, encontros que comezaron semanas atrás en Alfoz e continuarán por toda a comarca.

Organizan dous talleres de escritura creativa

Burela pon en marcha durante os meses de outubro e novembro dous obradoiros de escritura creativa a cargo da recoñecida autora burelá Antía Yáñez. As actividades están deseñadas para diferentes grupos de idade, co obxectivo de fomentar a creación literaria na comunidade. Os sábados 5, 19 e 26 de outubro, os obradoiros estarán dirixidos a adultos, mentres que os sábados 9, 16 e 23 de novembro serán para mozos e mozas de entre 14 e 20 anos.

As sesións terán lugar na biblioteca municipal e contarán cunha praza limitada a 12 participantes por curso. A concelleira de Cultura, Lina Gómez, expresou a súa satisfacción por poder ofrecer iniciativas como esta, resaltando a importancia de contar cunha escritora de prestixio como Yáñez, un referente na literatura galega contemporánea. “Estas actividades non só fomentan a creación literaria, senón que tamén contri-

búen a enriquecer a vida cultural do pobo e estimular a creatividade da nosa comunidade”, afirmou.

Gómez tamén subliñou que os obradoiros buscan dar voz a novas historias e formas de expresión, convertendo a cultura nun punto de encontro e intercambio para todas as idades. Por outra banda, o concelleiro de Mocidade, Mario Pillado, destacou a relevancia de que os mozos vexan en Antía Yáñez un referente próximo, exemplificando que é posible desenvolver un proxecto vital desde Burela. “Estamos seguros de que unha profesional tan recoñecida como Antía será capaz de sacar o mellor da nosa mocidade”, concluíu. Os interesados en participar deben ter en conta as prazas limitadas e inscribirse con antelación para non perder a oportunidade de aprender e crear ao lado dunha das voces máis importantes da literatura galega.

A Asociación de Pesca Recreativa Burela, preto de acadar o centenar de socios

A Asociación de Pesca Recreativa Burela aproxímase a acadar a cifra dos 100 socios, pasando tamén a formar parte das asociacións rexistradas no Concello de Burela. Este é un gran motivo de orgullo para todos os que forman parte deste proxecto.

Unha proba disto é como os socios locen a camiseta da entidade máis alá das nosas fronteiras, en cidades tan distantes da propia Burela como poden ser Roma, Barcelona, Madrid ou Granada, promocionando así non só a asociación, senón tamén levando o nome do noso pobo

O colectivo mariñán continúa a dinamizar a súa proposta de actividades e asegura así a súa continuidade, á vez que reforza a súa aposta pola defensa e a posta en valor da actividade pesqueira e segue loitando por conseguir máis zonas de pesca nos peiraos. Dende a Asociación de Pesca Recreativa Burela agardan que o proxecto siga medrando e danos as grazas aos socios pola súa implicación e colaboración.



O Osa do Mar confirma as datas de 2025 e ofrece descontos á veciñanza

O Osa do Mar 2025 xa ten as súas datas confirmadas. O festival terá lugar os días 5, 6 e 7 de setembro. Ademais, ata o domingo, 29 de setembro, mantense aberta unha promoción para persoas empadroadas en Burela. As veciñas e veciños do municipio poderán desfrutar ata entón dun desconto no abono do

festival en 2025. Este poderá ser adquirido por 30 euros empregando o código BURELA ao mercalo. Ao rematar o prazo do desconto comprobarase o empadramento das persoas que o empregasen. Trátase dunha iniciativa conxunta do Concello e da asociación organizadora do festival Fanto Fantini.

Os populares queren recuperar a radio pública municipal

Os concelleiros do PP de Burela instaron ao Goberno bipartito no pleno a poñer en funcionamento a radio pública municipal. Os populares indicaron que “a emisora funcionou durante moito e que deixou de emitir durante o anterior mandato sen que o Goberno local -do que xa formaba parte a señora López Moreno- explicara cales foran os verdadeiros motivos”.

A programación da radio -tal e como sucede noutros concellos da contorna- “debera ser plural, sen sectarismo e na que se tratan temas de interese para toda a veciñanza”, expón o portavoz, Manuel Rouco. Antes das últimas eleccións locais as distintas forzas políticas acudiron a un coloquio - debate que tivo lugar nas instalacións da radio pública de Burela no que todos os representantes coincidiron en que “a había que poñer en valor” porque “se trata dun medio de comunicación moi necesario que debería funcionar adecuadamente”. Finalmente, a proposta non saíu adiante no último pleno.



Segundo expón Manuel Rouco, voceiro popular, dende o Goberno municipal apuntan a unha falta de financiamento, unha cuetión “que sorprende porque din que hai 3 millóns de remanente”. Deste xeito, indican que case un ano e medio despois de iniciar o mandato, a alcaldesa non tivo ningunha iniciativa neste sentido. Por outra banda, lembran que no último pleno un conxunto de nais e pais alagutináronse para demandar melloras na situación da Escola de Música Municipal. Por outra banda, instan ao Goberno

bipartito a poñer en funcionamento a radio pública municipal. Os populares indican que “a emisora funcionou durante moito e que deixou de emitir durante o anterior mandato sen que o goberno local -do que xa formaba parte a señora López Moreno- explicara cales foran os verdadeiros motivos”.

A programación da radio -tal e como sucede noutros concellos da contorna- “debera ser plural, sen sectarismo e na que se tratan temas de interese para toda a veciñanza”, expón o portavoz, Manuel Rouco.

A Confraría pon en valor a cultura mariñeira no seu centenario

A Confraría de Pescadores organizou unha xornada divulgativa para celebrar o seu centenario, baixo o título *Ao Son do Mar*. A actividade centrouse na conexión entre a cultura mariñeira e a música tradicional, un patrimonio que tamén forma parte da identidade marítimo-pesqueira da localidade. Durante o evento, distintas bandas tradicionais, como a Banda Santo Inocencio, Acordeonistas da Mariña Burela, Leticia SCR, ACM Dambara Burela e ACM Arume Burela, encheron o ambiente co son de acordeóns, recordando os tempos nos que a música servía de entretemento para os mariñeiros nas súas longas xornadas no mar.

A xornada destacou tamén polo seu carácter interxeracional, reunindo a persoas maiores e mozas para compartir experiencias relacionadas co traballo no mar. Os vellos lobos de mar tiveron a oportunidade de narrar as súas aventuras aos máis novos, co obxectivo de inspirarlles a ver no sector pesqueiro unha oportunidade profesional e contribuír a resolver o problema do relevo xeracional no ámbito marítimo.

Esta actividade forma parte do proxecto Actividades Centenario Confraría de Pescadores de Burela, que busca poñer en valor o traballo social desenvolvido pola Confraría ao longo destes 100 anos de historia.





FISIOVAL

Centro de Fisioterapia y Osteopatía

Servicio de Podología

Daniel Pumares Ramil

Col. Nº 165
C/ Obispo Sarmiento, 4 - bajo
27740 Mondoñedo - Lugo
Tfno.: 982 521 364
Móvil: 686 468 815



Comeza o Espazo das Familias, un novo foro para a educación

A Casa da Cultura de Burela acolleu a primeira xuntanza do Espazo das Familias, unha iniciativa promovida pola Asociación socio-educativa Antonio Gaudoy.

O obxectivo principal deste programa é proporcionar un espazo no que as familias con nenas e nenos menores de seis anos poidan reunirse con outras familias e profesionais da educación para reflexionar sobre o seu papel na crianza e intercambiar experiencias e ideas.

As sesións, abertas a todas as familias, independentemente

de que os seus fillos ou fillas asistan á escola infantil, buscarán fomentar o diálogo sobre o desenvolvemento infantil e proporcionar novas ferramentas educativas. Para máis información ou inscricións, as persoas interesadas poden contactar a través do teléfono 670 143 620 ou do correo electrónico olaicao@gmail.com.

Esta primeira reunión marcou o inicio dun ciclo de actividades que teñen como finalidade apoiar ás nais e pais no proceso educativo, promovendo a reflexión e o debate sobre temas relacionados coa crianza.

Portos exime do pago das taxas polo Punto de Información Turística

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, aprobou a exención total do pagamento da taxa de ocupación de dominio público portuario para o Concello de Burela.

Esta bonificación afecta á caseta de información e turismo municipal instalada en terreo portuario, segundo a resolución do ente público remitida á administración local.

A exención do 100% da taxa baséase no artigo 40 da Lei de taxas portuarias, que permite a bonificación para as corporacións locais

que realicen actividades encadradas nas súas finalidades públicas, sempre que estas non sexan obxecto de explotación económica.

Conforme ás condicións xerais da concesión outorgada por Portos de Galicia para a instalación da caseta, a liquidación das taxas faise por semestres adiantados.

As bonificacións, como a aprobada agora, poden aplicarse desde o inicio da concesión, beneficiando así ao Concello de Burela desde o comezo da súa actividade na caseta de información turística.



O CEIP de Celeiro gaña un premio da UNED por fomentar a reciclaxe



Susana López Hermida e Verónica Eiravella Barreira, directoras do CEIP de Celeiro e do CEIP de Casás respectivamente, recolleron de mans do Director da Fundación Breogán, Luis Abel Taboada, e da Directora da UNED Lugo, Ana Tra-seira, os agasallos da UNED Lugo, Ecoballution e o CB Breogán, colaboradores do proxecto Ningún aro sen rede baseado na economía circular e na reciclaxe.

Os premios foron entregados aos colexios máis implicados na segunda edición do proxecto, que ten como obxectivo fomentar a reciclaxe e a sustentabilidade nos centros educativos da provincia de Lugo. O gañador foi o CEIP de Celeiro, que recibirá 75 invitacións para presenciar un encontro do CB Breogán e 100 euros en libros de temática medioambiental.

O segundo premio foi para o CPI Virxe do Monte Cospeito, que terá 50 invitacións para presenciar un encontro do CB Breogán e un lote de produtos de Ecoballution.

Finalmente, o terceiro, o CEIP Casás, contará con 25 invitacións para presenciar un encontro do CB

Breogán e 50 euros en libros de temática medioambiental.

Xa están abertas as inscricións para tódolos centros educativos de Educación Primaria de Lugo capital e provincia, que desexen participar na III Temporada de Ningún Aro Sen Rede.

MATRÍCULA UNED. A Aula da UNED de Viveiro mantén aberto o prazo de matrícula para o curso 2024/25 ata o 22 de outubro. Os veciños e veciñas de Viveiro poden elixir entre 30 grados sen límite de prazas e sen nota de corte.

Aquelas persoas que non teñan titulación necesaria para matricularse nos grados, poden facelo no curso de acceso á universidade para maiores de 25 e 45 anos. Dende o 23 de setembro o 23 de outubro permanecerá aberta tamén a matrícula na UNED Senior (maiores de 55 anos) para as materias de *Aproximación á historia do cine galego*, impartida os martes de 18.00 a 20.00 horas, e *A historia da arte: camiño da contemporaneidade*, impartida os xoves nese mesmo horario.

Comezan as rutas saudables da Asociación Española Contra o Cancro

Arrancaron en Viveiro, as Rutas Saudables en Viveiro organizadas pola Asociación Española Contra o Cancro. Esta actividade terá lugar de xeito gratuito todos os venres de outubro ás 11.00, con saída dende a Praza Maior da localidade. O seu obxectivo é concienciar á poboación sobre a importancia de facer exercicio físico e levar hábitos saudables para previr o cancro. Polo tanto, é unha actividade dirixida a toda a poboación.

A alcaldesa de Viveiro, María Lourei-

ro, agradece á AECC “o seu inestimable labor tanto axudando ás persoas con cancro como promovendo un estilo de vida saudable entre todas as persoas con iniciativas coma esta”. As inscricións na mesma poderán ser realizadas chamando ao número de teléfono 639 262 312 ou escribindo ao enderezo de correo electrónico lugo@contraelcancer.es. Para máis información pódese contactar co número 900 100 036 ou visitar a páxina web www.asociacioncontraelcancer.es.

Viveiro adxudica o contrato de Axuda no Fogar para 250 usuarios

Viveiro vén de adxudicar o contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) á empresa Idades SL, que se encargará da prestación deste servizo esencial durante os próximos dous anos. Con posibilidade de prórroga por dous anos máis, o contrato supón un investimento inicial de 3.520.129,60 euros, cun custo por hora de 20,39 euros máis o 4% de IVE.

A Axuda no Fogar, que presta atención a uns 250 veciños e veciñas, ten como obxectivo garantir o benestar de persoas en situación de dependencia ou vulnerabilidade. “Este servizo é un pilar fundamental para o concello, xa que permite ás persoas máis vulnerables ter cubertas as súas necesidades básicas”, afirmou a alcaldesa, María Loureiro.

Con todo, a rexedora aproveitou

para denunciar a insuficiente achega da Xunta de Galicia. Segundo explicou, a administración autonómica só achega 12 euros por hora no SAF para persoas dependentes, un importe que non cobre o custo real de 21 euros por hora que establece o contrato. Ademais, a Xunta non achega nin un só euro para a modalidade de libre concorrencia, deixando ao concello a responsabilidade de asumir os custos.

Loureiro destacou que no ano 2023 o SAF de libre concorrencia tivo un custo de máis de 400.000 euros, dos cales a Xunta non contribuíu con ningunha achega. “Este importe foi cuberto grazas a fondos propios do concello, a achega mínima dos usuarios e os 200.000 euros da Deputación de Lugo”, sinalou. Este ano, a

Deputación tamén asinou un convenio por valor de 132.000 euros para apoiar o SAF de libre concorrencia.

“Se a Xunta asumise as súas competencias en materia de benestar social, estes cartos da Deputación poderían destinarse a outras necesidades do concello”, subliñou a alcaldesa, engadindo que a falta de financiamento autonómico sobrecarga aos concellos. A Deputación de Lugo, a través do seu Plan Deputación, continúa sendo unha fonte de apoio importante para manter este servizo básico.

A pesar destas dificultades, durante o proceso de contratación o concello garantiu a continuidade do servizo sen interrupcións, consciente da súa relevancia para a calidade de vida das persoas usuarias.

EN BREVE



MURAL. Viveiro estreou un mural en Celeiro, no Sillero, impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e cofinanciado polo programa DEAR da Comisión Europea. A obra, creada por Raúl Manero, coñecido como Raúl de Carmen, foi a gañadora do Concurso de Murais People&Planet.



CELEIRO. As obras de humanización da rúa do Porto de Celeiro en Viveiro, que comezaron no verán, continúan avanzando a bo ritmo. Esta transformación integral inclúe a pavimentación e a renovación completa dos servizos, mellorando tanto a mobilidade como a accesibilidade na zona.



COVAS. Comezaron os traballos de mellora en Escourido, Covas. Esta intervención busca optimizar o pavimento, a canalización de augas e o pintado de marcas viais e ten como obxectivo facer máis accesibles os camiños.

O Concello asina os convenios de colaboración coas asociacións culturais e a Xunta de Confrarías

O Concello de Viveiro asinou os convenios de colaboración coas asociacións e entidades culturais locais, a Semana Santa e o comercio do casco histórico.

En concreto, asináronse os convenios coa Asociación Cultural Proa (5.500 euros para a organización da Feira de Artesanía de Viveiro 2024); a Asociación Banda de Música o Landro de Viveiro (35.000 para os gastos en actividades dos anos 2023 e 2024), e a Asociación Cultural Ether (8.000 euros para a organización do Festival Ether).

Tamén asinou o convenio coa Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro (50.000 euros para os gastos dos anos 2023 e 2024), e a Asociación Cultural Bagoas da Terra (33.000 euros para 2023 e 2024).

O concello asinou por último o convenio coa Asociación Centro Comercial Casco Histórico (10.000 euros).

“Falamos na súa maior parte de entidades que levan moitos anos traballando pola cultura e as tradicións de Viveiro, como é a nosa Semana Santa”, asegura a alcaldesa, María Loureiro.

“Desde o concello, temos que apoiar ás agrupacións e proxectos que traballan para manter vivas as tradicións locais”, engade a alcaldesa, “así como colaborar co comercio de Viveiro”.

O PP saca adiante no Pleno un Foro Económico para analizar o concello

O último pleno do Concello de Viveiro aprobou unha iniciativa presentada polo Partido Popular para instar á creación dun Foro Económico que analice a situación económica local e propoña medidas de reactivación. A proposta contou co apoio do grupo XViveiro e as abstencións de PSOE e BNG. Mariña Gueimunde, portavoz do PP, destacou que esta iniciativa xa formaba parte do acordo programático entre o PSOE e XViveiro para investir á alcaldesa María Loureiro, polo que cualificou a abstención socialista como un indicio de falta de compromiso cos acordos pactados.

Segundo Gueimunde, o obxectivo do foro é buscar solucións ante a crise económica local, agravada polo peche de industrias e as difi-

cultades que atravesan os comercios, autónomos e pequenas empresas da zona. Por outra banda, o PP expresou a súa oposición ao recoñecemento extraxudicial de crédito presentado polo goberno local, que inclúe facturas por valor de 125.275 euros correspondentes ao ano 2023. Gueimunde criticou a falta de claridade nalgúns dos gastos, como os 6.300 euros destinados á limpeza de praias en novembro, e denunciou que este procedemento está a "condicionar gravemente as inversións futuras", dado que o total de facturas pendentes supera o millón de euros.

Ademais, o PP presentou un rogo relacionado co programa de conciliación familiar Madrugadores, denunciando que o Concello de Viveiro

non solicitou axudas dispoñibles da Xunta para este fin, o que, segundo Gueimunde, evidencia a falta de interese do goberno bipartito pola conciliación familiar. O Partido Popular criticou a xestión do executivo local e insistiu na necesidade de adoptar medidas urxentes para mellorar a situación económica de Viveiro.

Ademais, os concelleiros do Partido Popular solicitan que o Goberno local, formado por PSOE e BNG, complete as actuacións no parque Pernas Peón coa recuperación e rehabilitación dos elementos existentes. Os populares consideran que, a pesar das intervencións que se están realizando, quedan pendentes melloras importantes como a limpeza dos muros do edificio e a restauración das fontes.

O Pastor Díaz presenta a programación de outono



O Concello de Viveiro anunciou a programación do Teatro Pastor Díaz para o último cuadrimestre de 2024, que arrincou o 28 de setembro coa representación de *Apaga o candil*, unha obra da compañía Contraproducións destinada a un público adulto.

A concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, subliñou que "a 100 anos do seu nacemento, o Teatro Pastor Díaz está

máis vivo que nunca" grazas ao apoio da cidadanía e á calidade da programación.

A edil tamén destacou que a oferta cultural busca atraer a persoas de todas as idades, con espectáculos de teatro, música e danza.

Ademais, Fernández-Noriega sinalou que o teatro é un referente no circuito galego e animou ao público a asistir ás próximas funcións, augurando un éxito de participación.

PROGRAMA

- Sábado 12 de outubro - 20.30 horas: *Artes de Hipócrata Teatro Afeccionado* (adultos).
- Xoves 24 de outubro - 20.30 horas: *Ada Bryon. La tejedora de números* de La Westia Producciones (adolescentes e adultos).
- Sábado 26 de outubro - 18.00 horas: *Pum, pum, quen ahí?* de África Teatro (infantil +3 anos).
- Sábado 2 de novembro - 18.00 horas: *Kyoki* de Elefante elegante (infantil +3 anos).
- Sábado 9 de novembro - 20.30 horas: *Sofá* de Marta Alonso Tejada (adultos).
- Sábado 16 de novembro - 20.30 horas: *La ratita presumida* de Tropos teatro (infantil 2 a 10 anos).
- Sábado 23 de novembro - 20.30 horas: Concerto de Sta. Icia da Banda Municipal de Música de Viveiro.
- Sábado 30 de novembro - 20.30 horas: *Noso* de Os naufragos Teatro (adulto).

Por Viveiro reclama melloras para dúas vías



Manuel Galdo Dopico, concelleiro do Grupo Municipal Por Viveiro, presentou dous rogos ao Pleno da Corporación Municipal de Viveiro instando ao equipo de Goberno a actuar en dúas zonas clave do municipio.

O primeiro rogo fai referencia ao mal estado da beirarrúa da Avenida de Ferrol, á altura do edificio Ría de Viveiro. O edil subliñou que a presenza de fochancas e lousas rotas pode supoñer un risco para a seguridade dos peóns que transitan por esa área diariamente, polo que solicitou a reparación urxente desta infraestrutura.

Ademais, Galdo Dopico tamén fixo un chamamento á limpeza e mellora da contorna da igrexa de San Francisco, concretamente na zona colindante co Cantiño Lois Tobío, onde a maleza invade parte das fachadas.

Este feito, segundo o concelleiro, ofrece unha imaxe de desleixo e abandono, polo que pediu que se tomen as medidas necesarias para arranxar esta situación.

Ambas peticións pretenden mellorar a seguridade e a estética urbana de Viveiro, atendendo ás demandas veciñais e ao bo mantemento do espazo público.

Viveiro esixe á Xunta o servizo de Madrugadores en todos os colexios

O Concello de Viveiro asinou os convenios de colaboración coas asociacións e entidades culturais locais, a Semana Santa e o comercio do casco histórico.

En concreto, asináronse os convenios coa Asociación Cultural Proa (5.500 euros para a organización da Feira de Artesanía de Viveiro 2024); a Asociación Banda de Música o Landro de Viveiro (35.000 para os gastos en actividades dos anos 2023 e 2024), e a Asociación Cultural Ether (8.000 euros para a organización do Festival Ether).

Tamén asinou o convenio coa Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro (50.000 euros para os gastos dos anos 2023 e 2024), e a Asociación Cultural Bagoas da Terra (33.000 euros para 2023 e 2024).

O concello asinou por último o convenio coa Asociación Centro Comercial Casco Histórico (10.000 euros).

"Falamos na súa maior parte de entidades que levan moitos anos traballando pola cultura e as tradicións de Viveiro, como é a nosa Semana Santa", asegura a alcaldesa, María Loureiro.

Quando necesitas energía limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

Avanzan a licitación do servizo de auga e eliminan un crédito

O Concello de Ribadeo anunciou a eliminación dun crédito de 700.000 euros, segundo informou o alcalde Dani Vega tras a última comisión informativa de Facenda e Asuntos Xerais. Vega destacou que esta medida é parte dunha xestión responsable dos recursos públicos. “É un bo exemplo de xestión, tanto no ámbito do investimento como na eliminación de débeda”, sinalou o rexedor.

Ademais, abordouse a licitación do servizo de abastecemento de auga, un dos proxectos máis ambiciosos da lexislatura, cun orzamento superior aos 5 millóns de euros. “Estamos a falar da obra máis importante desta lexislatura,

para a cal agardamos contar co apoio da Xunta de Galicia, a Deputación e as administracións estatais”, explicou Vega.

O alcalde subliñou a urxencia de mellorar o sistema de abastecemento de auga debido ás frecuentes rupturas e cortes que afectan a varias parroquias, especialmente durante os meses de verán. “Ribadeo afronta un problema grave con este servizo, e a mellora é unha prioridade para o noso goberno”, afirmou.

Vega tamén recordou que este ano o goberno local xa eliminou outro crédito de preto de 100.000 euros, o que exemplifica a boa xestión financeira do Concello.

A I Xincana de Orientación celebrarase o día 19

Ribadeo acollerá o 19 de outubro a I Xincana de Orientación Vila de Ribadeo, organizada polo Concello e Xesta Natureza. Este evento está deseñado para que os participantes disfruten dunha tarde de deporte e natureza, seguindo un mapa para localizar varios puntos establecidos. Francisco José Silvent, concelleiro de Deportes, explicou que “os participantes deberán percorrer unha serie de puntos en orde determinada, elixindo a súa ruta entre un punto e outro segundo a información que lles proporcione o mapa”. O evento será por equipos e combinará a orientación con diferentes probas especiais, cun tempo máximo de dous horas e media para completar

o percorrido.

A inscrición, que é gratuíta, poderá facerse a través da web. Habrá catro categorías para participar: Xestiñas, Xestas, Xesteiras e Chorima. A xincana está aberta a todo o público, desde familias con nenos ata persoas con máis experiencia. Ademais, haberá percorridos adaptados para persoas con mobilidade reducida. Silvent animou á cidadanía a participar na actividade, que comezará ás 17.00 horas na Casa do Concello. Ao finalizar, os participantes poderán gozar de avituallamento sólido e líquido. “Será unha maneira divertida de pasar unha tarde en contacto coa natureza e facendo deporte”, subliñou o edil ribadense.

Destinan 400.000 euros a mellorar as infraestruturas deportivas

O Concello de Ribadeo aprobou un investimento de 400.000 euros para a mellora das súas infraestruturas deportivas, segundo anunciou o alcalde Dani Vega. A prioridade será a rehabilitación de edificios que levan anos en estado de abandono, como o pavillón Alfredo Deaño, o de Cubelas e a entrada ao estadio municipal Pepe Barrera. O rexedor destacou a importancia de coordinar a estratexia con outras administracións.

O Concello espera que a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia cubran o 80 % do investimento, cunha repartición do 40% para cada unha, mentres que o Concello achegará o 20 % restante. Vega subliñou que este orzamento permitirá desbloquear proxectos e acceder a subvencións, algo que ata agora estaba dificultado pola falta dunha planificación financeira clara. Entre as actuacións prioritarias está o pavillón de Alfredo Deaño, onde “chove por dentro”, afectando a deportes como o hóckey, o fútbol sala e o baloncesto.

O alcalde sinalou a necesidade de intervención urxente para garantir



a práctica deportiva en condicións adecuadas. Tamén se prevé mellorar a entrada do estadio Pepe Barrera e acondicionar o pavillón de Cubelas, unha instalación vinculada ao fútbol sala rural, que conta con gran tradición en Ribadeo. Dani Vega subliñou o compromiso do goberno municipal coa mellora destas infraestruturas e destacou a importancia da colaboración entre todas as administracións para levar a cabo estes proxectos. O Concello está á espera da resposta tanto da Deputación de Lugo como da Xunta de Galicia, coa que xa hai unha reunión prevista.

PROPOSTA DO BNG. O grupo municipal do BNG de Ribadeo conseguiu o apoio da corporación para instar ao Goberno municipal a iniciar os trámites para a construción dun campo de herba sintético no anexo do Pepe Barrera.

Segundo declarou Pablo Vizoso: “A construción dun novo campo de herba sintética é unha necesidade que vai aumentando ano a ano para Ribadeo. Era unha medida que levabamos no noso programa electoral e, inda desde a oposición, queremos ser útiles para a veciñanza, con propostas e ideas”.

O PP denuncia o estado da estrada LU-P-5207



Os deputados populares Antonio Ameijide e José María Fernández, xunto ao alcalde, Daniel Vega, comprobaron o estado da estrada provincial LU-P-5207, que discorre por este municipio mariñán, unha vía que conta cunha elevada densidade de circulación que precisa dunha renovación xa que con conta con fochancas que “a volven moi perigosa”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, explica que dende o Concello de Ribadeo xa se pediu ao goberno provincial o arranxo desta estrada “sen que polo momento se tivese a ben atender esta reclamación” a pesar de que “é necesaria xa que por esta vía circula unha gran cantidade

de vehículos a diario, polo que non está garantida a seguridade dos seus usuarios”.

Ameijide ve nesta estrada “outro exemplo máis” da “falta de preocupación” do goberno de José Tomé e os seus socios do BNG polo mantemento da rede viaria provincial. “A realidade é que na provincia hai 66 concellos nos que as estradas provinciais se atopan nun estado lamentable, mentres que só hai un no que están en perfecto estado de revista”, denunciou.

Esixe a PSOE e BNG “altura de miras e unha preocupación real” pola seguridade dos usuarios das estradas provinciais.

O CIFP Porta da Auga ofrece cursos gratuítos de competencias dixitais

O Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Porta da Auga, a través da Rede de Centros de Capacitación Dixital, organizará en outubro dous cursos gratuítos para mellorar as competencias dixitais básicas da cidadanía. O primeiro curso, de nivel básico, comezou o 2 de outubro e remata o 15. O segundo, de nivel intermedio, desenvolverase do 16 ao 29 de outubro. Ambos os cursos realizaranse de 16.00 a 19.00 horas, con opción de horario flexible.

Estes cursos, de 30 horas de duración cada un, están deseñados para ofrecer unha cualificación en “Dixitalización aplicada á contorna profesional” (IFC748_2), válida para bolsas de emprego, oposicións e concursos. O CIFP Porta da Auga destaca que só é necesario non estar matriculado noutros estudos formais da Consellería de Educación para participar. As persoas interesadas poden inscribirse e obter máis información a través da páxina web do centro ou acudir presencialmente ao CIFP Porta da Auga de luns a venres, en horario de 08.30 a 15.00 e de 16.00 a 22.00 horas. Esta iniciativa está financiada a través do programa Next Generation da Unión Europea.

LIMPEZA DE XARDÍNS



O Concello de Ribadeo está a levar a cabo labores de limpeza e mellora nos xardíns e nas inmediacións dos edificios que dependen da área de Benestar Social, co obxectivo de mellorar o estado destes espazos e ofrecer as mellores condicións para os seus usuarios. Entre os edificios onde se están realizando estas actuacións destacan a residencia de maiores e o centro de día.

Máis de 330 persoas participaron no Día do Xubilado de Ribadeo

Ribadeo celebrou o Día do Xubilado, unha xornada organizada polo Concello coa colaboración da Xunta de Galicia, que reuniu a máis de 330 participantes. O evento, que se desenvolveu nunha carpa instalada no peirao, contou cun xantar colectivo e a actuación musical do grupo A Roda pola tarde.

O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, quixo agradecer o traballo do persoal municipal e da Concellería de Benestar Social, liderada por Elena Sierra, destacando a coordinación do equipo: "Hai que resaltar que un traballo coordinado sempre funciona". Tamén quixo recoñecer o esforzo e dedicación das persoas xubiladas: "Agradecerlles a todas as persoas que traballaron toda unha vida con sacrificio, entrega e dedicación para sacar adiante ás



súas familias".

A xornada foi un éxito, tal como destacou Vega, quen valorou a importancia de recuperar esta celebración, non só como un encontro lúdico, senón como un xesto de agradecemento á contribución dos xubilados á sociedade. "Este é un encontro para dicirlles que se-

guimos contando con todos eles e para seguir organizando actividades que axuden a que Ribadeo avance no ámbito do benestar social", afirmou o rexedor. O Cuarteto Illa Pancha, de Ribadeo, foi o encargado de poñer música á benvinda deste emotivo Día do Xubilado.

Invisten 700.000 euros na reforma integral do Hospital Asilo

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, anunciou que a Xunta investirá 700.000 euros na reforma integral do Hospital Asilo de Ribadeo, co obxectivo de convertelo nun centro residencial para persoas maiores. Durante a súa visita ás obras, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, o alcalde Daniel Vega e a secretaria xeral técnica da Concellería, María Francisca Gómez, García destacou a importancia deste investimento para a comunidade local.

A conselleira subliñou que esta reforma permitirá rehabilitar completamente o inmovible municipal e facilitará o retorno á vila das persoas maiores que foron trasladadas a outros centros durante as obras. Este traslado foi acordado coas familias, permitíndolles elixir prazas públicas sen ter que desprazarse a longas distancias. Fabiola García reafirmou o compromiso do Go-



verno galego coas necesidades dos veciños de Ribadeo e a súa aposta por unha atención de proximidade, impulsando así a creación de recursos residenciais.

O custo total do proxecto supera os 1,5 millóns de euros, sendo o resto do financiamento achegado polo Concello, que conta cunha doazón do doutor Francisco Moreda Pérez,

un ilustre veciño da vila. Os traballos de reforma comezaron a finais do ano pasado e, segundo as previsións do concello, está previsto que rematen no primeiro semestre de 2025, permitindo a reincorporación de usuarios. O novo centro residencial, de titularidade municipal, ofrecerá 40 prazas para a atención das persoas maiores da zona.

O NOVO MIRADOIRO DE LOCTUDY

O novo miradoiro sobre a ría recibiu o nome de Loctudy, cidade francesa irmandada con Ribadeo. O acto tivo lugar aproveitando a estadia que a expedición do país galo decidiu facer no concello ribadense. O rexedor lembrou que "Loctudy e Ribadeo teñen moitas similitudes" e agarda que "ambos concellos sigamos aprofundando nos lazos que nos unen".





A & F BROKERS

Abogados



APARTAMENTO en Lugo
115.000€

- Piso amplo exterior con tres habitaciónes (la principal con baño y balcón).
- Terraza de 15m²
- Salón con balcón.
- Calefacción a gas oil central.
- Ascensor y trastero.



LOFT en San Ciprián de 36m².
45.900€

- Completamente amueblado.
- Reformado para entrar a vivir.
- Hall, habitación y cocina amueblada. Salón amplio.
- Con licencia de vivienda turística. Buen rendimiento. No paga comunidad.
- Piscina y zonas comunes.



CASA unifamiliar en Cervo
120.000€

- Tres plantas de 32m² cada una totalmente reformadas.
- Planta baja: cocina americana, salón y despensa.
- Primera planta: 1 baño y 2 habitaciones.
- Segunda planta: salón y 1 habitación.



APARTAMENTO en Barreiros
130.000€

- Ático muy luminoso (planta 3ª) totalmente exterior. 57m² útiles y buenas vistas.
- 2 habitaciones, 1 baño con cabina de hidromasaje, salón-comedor y cocina.
- Plaza de garaje y trastero.
- Completamente amueblado.
- En urbanización privada.

En nuestro departamento jurídico ofrecemos asistencia legal integral

HERENCIAS · TESTAMENTOS · REGISTRO DE PROPIEDADES
ALTERACIONES CATASTRALES · CONTRATOS DE COMPRA-VENTA
ALQUILER ARRAS · DESAHUCIOS · RECLAMACIÓN DE DEUDAS
DIVORCIOS · PENSIONES

Tel.: 695 414 544
viviabuin@hotmail.com

Ribadeo aprobará o seu novo escudo e bandeira nun acto institucional

Ribadeo está preparado para dar un paso significativo na súa identidade simbólica coa aprobación unánime do novo escudo e bandeira. A comisión encargada de estudar e definir os deseños, en colaboración con entidades como o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, o Consello da Cultura Galega e a Dirección Xeral de Administración Local, chegou a un acordo para a súa implantación.

O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, anunciou que se organizará un acto oficial para proceder ao izado da nova bandeira e á colocación do escudo. Segundo explicou, os novos símbolos manteñen o predominio do azul e branco, con algúns cambios, como a modifi-

cación da estrela, que pasa de ter cinco a oito puntas, en consonancia cos estándares heráldicos europeos. Ademais, Vega destacou que a chave, símbolo tradicional do municipio, tamén foi aprobada sen oposición.

A aprobación dos novos símbolos require varios pasos administrativos, que inclúen a súa revisión pola Xunta de Galicia e o pleno municipal. Vega agradeceu o traballo conxunto dos técnicos, o cronista oficial de Ribadeo, así como o apoio de todos os grupos políticos locais. Concluíu anunciando que o próximo acto marcará o momento simbólico no que o novo escudo e bandeira serán oficialmente izados en Ribadeo.



O Plan Avanza Rural inviste 82.000 euros en varias melloras viarias

Continúa o Plan Avanza Rural en Ribadeo, que chega estes días á parroquia de Remourelle cunha inversión de 82.000 euros. Así o anunciou o alcalde, Dani Vega, quen destacou o compromiso do goberno local por mellorar a rede viaria municipal.

O alcalde explicou que o Plan Avanza Rural conta cun orzamento total de 685.000 euros, financiados en boa parte pola Xunta de Galicia e tamén con fondos propios do concello. “Agora estamos actuando en varios puntos de Remourelle, como Fornos-Pesegueiro, e no entorno da escola. Non se descarta que teñamos que facer intervencións de emerxencia en vías prioritarias se fose necesario”, sinalou Vega.

O rexedor tamén apuntou que, ademais de Remourelle, estanse levando a cabo traballos de mellora en Santalla de Vilaousende e Ove, e que a estrada da Costa, cun or-

zamento de 370.000 euros, está en proceso de licitación.

Dani Vega subliñou que a suma total de inversións neste primeiro ano de mandato ascende a 685.000 euros, financiados pola Deputación de Lugo a través do Plan Único e pola Xunta de Galicia mediante a Consellería de Medio Rural. O alcalde recoñeceu que non será posible actuar en todo o concello de inmediato, pero reiterou o compromiso de seguir programando inversións en todas as zonas ao longo do tempo.

Finalmente, Vega asegurou que aínda que non é posible intervir a maior velocidade, continuarase mellorando a rede viaria do municipio mediante labores de mantemento, como o bacheo anunciado recentemente para estradas en boas condicións pero con danos localizados.

O Concello inviste 315.000 euros na mellora da rede de vías municipais

O Goberno local realizará traballos de bacheo para mellorar a rede de estradas municipais, segundo anunciou o alcalde, Dani Vega. Estas actuacións súmanse ao Plan Avanza Rural, que xa está en marcha e que conta cun investimento de 315.000 euros para a renovación das infraestruturas viarias máis deterioradas. Vega explicou que, dentro da planificación do Concello para a conservación da rede de estradas, identificáronse zonas que precisan unha renovación completa, mentres que noutras se realizarán bacheos preventivos.

“Estamos investindo 315.000 euros nas estradas máis deterioradas, pero tamén observamos que noutros tramos hai fochancas que debemos evitar que se agraven”, afirmou o alcalde. O rexedor sinalou que a planificación inclúe tanto intervencións inmediatas como outras a realizar nun futuro próximo, co obxectivo de previr un empeoramento das condicións das vías. Ademais, Vega indicou que o Plan Avanza Rural xa está en marcha en varias parroquias e que, en breve, se actuará noutras estradas fundamentais do concello.

“É necesario investir e conservar as nosas estradas, e iso forma parte da planificación e coordinación das



nosas infraestruturas”, concluíu o alcalde, destacando a importancia de manter as vías en bo estado para garantir unha mellor calidade de vida.

ESTRADAS PROVINCIAIS. O Concello recorrerá o expediente sancionador da Deputación tras intervir en estradas de titularidade provincial. Segundo o alcalde estas actuacións foron realizadas por motivos de seguridade e en resposta ás demandas veciñais, debido ao abandono das vías por parte da Deputación.

Dani Vega explicou que “a Deputación notificou ao Concello un expediente sancionador porque actuamos rozando e limpando as estradas que son da súa competencia. Segundo

a lei de réxime local, a Deputación é responsable da limpeza e conservación destes viais, pero non cumpriron coas súas obrigas. Foron os veciños quen nos alertaron do mal estado das estradas, que estaban completamente abandonadas, e tivemos que intervir para garantir a seguridade”.

“Actuamos na Devesa, na contorna das praias, e en Arante, onde a herba cubría as estradas, especialmente nas curvas, o que supoñía un risco para viandantes e condutores”. Tamén se levaron a cabo intervencións en Santalla e Cedofeita, onde o Concello foi chamado de madrugada debido a unha inundación provocada pola falta de mantemento das vías”, dixo.

Rajoy destaca nunha visita as potencialidades da localidade



O ex presidente do Goberno Mariano Rajoy destacou as potencialidades de Ribadeo na visita institucional cursada ao Concello, onde asinou no libro de honra e se dirixiu aos asistentes no Salón dos Alcaldes. O rexedor, Dani Vega, dixo que recibilo foi “un orgullo, e desde logo seguimos nesa liña de abrir Ribadeo a todo o mundo”. Cando se decataron do seu interese por acudir á vila, puxéronse en contacto. “Nun encontro que tivemos con el e con Barreiro falamos, el tiña interese porque xa viñera no 2009 nos dixo e quería volver porque tamén era para el unha satisfacción que hai un ano ganáramos as eleccións”.

O alcalde indicou que “veu en calidade de expresidente, xa viñeron

outras personalidades a Ribadeo e vamos a seguir invitando a todo mundo a Ribadeo, aqueles que están hoxe nos cargos de dirección ou persoas que representaron tanto como Mariano Rajoy, sendo presidente de todos os españois. Nesa liña é na que imos seguir, abrindo a Ribadeo a todo o mundo, que todo o mundo pode contribuír, apoiar, reforzar, moitas propostas que temos desde o Concello”. Para Vega “é unha alegría, eu creo, e así o digo porque o sinto, unha satisfacción moi importante de que un presidente como Mariano Rajoy veña a Ribadeo, veña ao Concello e tamén é moi importante, que cando saia fale ben de Ribadeo e que diga que facemos as cousas bastante ben”.

O BNG denuncia que o Goberno municipal impide acceder a información sobre o gasto do 2024

O grupo municipal do BNG denuncia que o Goberno municipal denega á oposición o acceso á información sobre a conta de ingresos e gastos por partidas do ano 2024 a 18 de setembro deste mesmo ano. Como vén facendo en todo o mandato, o grupo municipal do BNG fixo uso do seu dereito a información pública por parte dos cargos públicos e solicitou, o pasado 18 de setembro, o acceso aos antecedentes, datos ou informacións sobre a conta de ingresos e gastos por partidas do ano 2024.

Aseguran que desde o Concello denegouse o acceso a esta información alegando que os datos requiridos xa serían postos en coñecemento dos membros da corporación no momento de efectuar a liquidación. “Atopámonos coa sorpresa de que, nun paso máis na deslealdade e falta de compromiso democrático, o goberno do PP decidiu que non ía poñer a disposición deste grupo municipal unha información relevante para coñecer a situación do gasto no que vai de ano”, afirma o voceiro do BNG ribadense, Pablo Vizoso.

O Concello instala un elevador adicional no centro de día

O Concello de Cervo vén de poñer en funcionamento o elevador adicional instalado no Centro de Día Residencia para mellorar a accesibilidade deste edificio municipal e tamén o día a día das persoas usuarias e do persoal que traballa no centro, con capacidade para 54 persoas internas e 25 usuarios para o centro de día.

A actuación, financiada co remanente de tesourería das arcas municipais, supuxo a instalación dun novo ascensor eléctrico no centro da fachada lateral do centro, ao final do corredor dos pisos superiores, destinados a residencia, afectando o menos posible á distribución interna do edificio “para mellorar tamén o nivel de autonomía das persoas usuarias e a funcionalidade e a loxística interna do centro”.

O elevador, con capacidade para 11 persoas e 5 paradas, supuxo un orzamento superior aos 162.000 euros. A alcaldesa, Dolores García Caramés, puxo en valor a actuación “que é un



paso máis na mellora das nosas infraestruturas, pensando sempre nas persoas, na veciñanza, neste caso nos nosos maiores, porque esta é unha inversión non só en accesibilidade é un investimento en mellora da súa calidade de vida”.

Un dos maiores desafíos que trae o envellecemento, engadiu, é a mobilidade, “pero as barreiras físicas non

deben ser un obstáculo para que os nosos maiores poidan moverse con liberdade, seguridade e confianza na súa contorna”. Polo que este novo elevador non só mellorará a loxística do centro senón que facilitará o desprazamento das persoas usuarias, mellorando o seu día a día e garantindo unha maior independencia e seguridade.

O museo incorpora un sistema para persoas con baixa visión

A Rede Museística Provincial última a implementación nos catro museos dun novo sistema de comunicación para facilitar que as persoas con baixa ou nula visión poidan moverse de forma independente no interior dos museos mediante un sistema de guiado con instrucións vocais.

A través duns códigos de cores situados en distintos puntos dos museos que poden ser identificados por dispositivos móbiles a unha distancia de ata 10 metros (sen necesidade de seren enfocados con precisión por cámaras), as persoas que visiten os museos poderán obter información accesible en tempo real sobre o espazo e as obras de arte. O sistema, que se porá en funcionamento nos catro museos de forma completa o 10 de outubro, funciona a través da aplicación Navilens.

O Departamento de Capacidades Diferentes e Accesibilidade, que desenvolve as accións encamiñadas nesta liña cumpriu os 18 anos de vida facendo un balance das actuacións de diferente índole realizadas, desde intervencións arquitectónicas ata a instalación de sinalética, ou a implementación de estratexias de comunicación e a

adquisición de materiais para facilitar que todas as persoas poidan acceder ao patrimonio e ás actividades dos museos e tamén a incorporación ao persoal dos museos de traballadoras e traballadores con capacidades diferentes, que colaboran e impulsan este proceso.

PROXECTO 21. Co propósito de levar a visibilidade e a reflexión social en relación co alzheimer, a Rede Museística puxo en marcha o proxecto 21 S(empre), que propón esta demencia e as consecuencias nas persoas enfermas e no seu entorno como temática creativa.

A iniciativa conta coa implicación dunha vintena de artistas vinculados á Mariña: Caxigueiro, Juanel, Celso Dourado, Mauro Leivas, Martín Lestao, Belén Mogo, Neira Brochs, Chus Lage, Carmen Llonín, Ignacio Castro “Nachok”, Galiensoup, Lu Vila, Julián Bouza, Alicia Puchades, Carmen Porteiro, Pedro Cabarcos, María Martín, David Catá, Hipólito Xeada, Laura Díaz, coa redeira M^{ra} Jesús Alonso López e co alumnado do IES Alfoz-Valadouro, coordinado por Paz Quiroga, que recibiron o material e a encargada para esta acción creativa.

O STEG denuncia falta de profesorado no IES Marqués de Sargadelos

Centros educativos públicos de toda a xeografía galega están a sufrir “as consecuencias dunha xestión claramente deficiente por parte dos responsables da Consellaría de Educación. Desde as direccións dos centros denuncian xubilacións sen cubrir, prazas desaparecidas no concurso de destinos ou outras que se eliminan sen explicación”, así o explica o Sindicato de Traballadores do Ensino, que vén de entregar un documento no que se recollen as demandas de máis de trinta centros de toda a xeografía para que se lles conceda o profesorado que lles corresponde. O escrito vai dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, responsable da xestión do persoal docente dos centros públicos galegos.

Explican que no IES Marqués de Sargadelos de San Cibrao ofértase un novo Ciclo Medio de Cultivos Acuículas, pero a administración non incorporou o profesorado para impartir as aulas, polo que o alumnado permanece a espera sen recibir formación logo de varias semanas do inicio oficial das clases.

Tamén poñen como exemplo na provincia de Lugo o CEIP Plurilingüe Virxe do Carmen de Sober ou o CEIP da Pobra do Brollón. Acusan tamén falta de profesorado en máis 10 centros da provincia, no CEIP Plurilingüe Concepción López Rei en O Cádavo (Baleira), no CEIP Luís Pimentel e no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes en Lugo, no IES Lois Peña Novo en Vilalba e no IES de Monterroso, entre outros.

Aglomeran a vía entre Río Covo e Vilaestrofe



A Deputación de Lugo está desenvolvendo en Cervo os traballos de aglomerado en quente no firme da estrada provincial LU-P-1503, que vai dende Río Covo, por Trasbar, a Vilaestrofe. A actuación forma parte das melloras na estrada que a institución provincial está a levar a cabo cun investimento ao que destina máis de 400.000 euros, e afectan a case os 3 primeiros quilómetros da vía, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6.

Uns traballos que obrigan a ter que cortar a vía ata o vindeiro venres, tempo que se estima necesario para estas tarefas, sempre e cando as condicións metereolóxicas o permitan. Durante este período, habilitaranse desvíos por outras

rutas para minimizar as molestias aos usuarios e usuarias desta estrada. O proxecto inclúe a mellora da drenaxe e o ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos.

Os traballos finalizarán coa sinalización e pintado mediante marcas viais reflexivas brancas. Esta actuación é de gran relevancia, xa que a vía LU-P-1503 enlaza coa estrada LU-P-1502 e serve de acceso a múltiples servizos, comunicando co concello de Burela e o Hospital Público da Mariña, así como cos campos de fútbol da Granda en Rúa e o da Chá en Vilaestrofe, e co Miradoiro de Monte Castelo.

EN BREVE

BNG. O seu voceiro, Diego Fernández, denunciou no último Pleno o estado lamentable que según eles reflicte a urbanización de río Covo e as instalacións deportivas do Club de Río Covo. Os nacionalistas aseguran que non se fai o mantemento necesario na urbanización como poden ser as rozas ou limpeza das beirarrúas e as luminarias presentan tamén moi mal estado. A formación política tamén se interesou pola suposta cesión da finca dentro do polígono de Cuiña que se ía facilitar á Fundación Olidís para instalar un centro de investigación de cosméticos, así como o tipo de negociación que se levaron a cabo para chegar a un acordo verbal dunha actuación cunha “fundación inexistente”.

ESCOLAS DEPORTIVAS. Co inicio de setembro, moitas persoas comezan a retomar as súas rutinas despois das vacacións de verán. Entre as actividades máis esperadas atópanse as Escolas Deportivas Infantís e de Adultos, que regresan no mes de outubro cunha ampla oferta de actividades para todas as idades.

O Concello de Cervo xa abriu o prazo de inscrición, que pode realizarse na Casa do Concello ou na Casa da Cultura. As escolas ofrecerán unha gran variedade de disciplinas deportivas, adaptadas tanto para nenos como para adultos, co obxectivo de fomentar o deporte e a vida saudable entre a poboación.

XOVE

Os nacionalistas locais piden solucións ante a problemática da auga

O BNG de Xove, da man do concelleiro Miguel García, roga a reparación das fochancas na Pista sentido único ascendente Vilar/Rotonda LU-862. Debido ó tránsito deste camiño, utilizado sobre todo por traballadores da factoría Alcoa e pola súa función de regulación do tráfico para evitar cruces de vehículos na estrada de Vilar, rogan reparación urxente. Ademais, tendo en conta a situación da auga corrente da vila, dende o grupo político piden unha explicación á problemática, “un mal que está afectando moi negativamente o día a día de cada xovense”.

A concelleira Pilar Vázquez pediu así unha explicación por parte do Goberno local tanto da situación actual como futura a curto prazo para atallar a problemática que están a padecer. Dende a Alcaldía apuntan a que co proxecto rematado, solicitaron dúas modificacións sobre o mesmo para atallar dos problemas que se detectaron recentemente como son, o incremento do valor do aluminio nas últimas análíticas na captación de Monte.

Deste xeito, esperan contar co documento definitivo o antes posible, co fin de solicitar finan-



ciamento externo para a execución da obra á Xunta de Galicia antes de que teñan rematados os orzamentos para o ano 2025. No caso de non contar con financiamento externo, a obra podería ser financiada con remanente líquido de tesourería. Por outra banda, no relativo á redución de horario da escola municipal, os socialistas interesáronse por ese cambio que segundo indicou o rexedor se debe á redución da xornada dos traballadores co novo convenio, cando xa estaba rematado o prazo de matrícula para o curso 2024-2025.

Saiñas abre as inscricións para os novos cursos

A Asociación Cultural Saiñas de Xove deu comezo ás inscricións para o seu novo curso 2024/2025, dirixido a todas aquelas persoas interesadas en aprender ou mellorar as súas habilidades en baile tradicional, pandeireta, canto, gaita e percusión.

As clases de baile tradicional terán lugar os venres, con grupos de iniciación para nenos e nenas a partir dos 4 anos, e tamén para adultos. As sesións de pandeireta e canto serán igualmente os venres, con clases desde os 6 anos, organizadas en función da idade e o nivel de experiencia. Pola súa parte, os xoves estarán reservados para as clases de gaita e percusión, que incluírán tanto grupos de iniciación (a partir dos 9 anos) como grupos de perfeccionamento, para aqueles que xa posúan certa experiencia.

As persoas interesadas en participar



poden contactar coa asociación a través do correo electrónico contacto@sainhas.org ou do número de teléfono 679 667 194.

O novo curso é unha oportunidade perfecta para achegarse á tradición musical e folclórica galega, tanto para novos talentos como para os que queiran perfeccionar as súas habilidades.

Presentan o programa completo das San Lucas de Mondoñedo

A 868 edición das San Lucas amosan o seu programa. O vicepresidente da Deputación Efrén Castro participou na cita, que conta unha edición máis co apoio da Vicepresidencia cunha achega de 20.000 euros.

As actividades arredor do cabalo centran a axenda das festas que comezan o día 16 coa lectura do pregón a cargo de Jesús Díaz Fernández, gastrónomo e un dos fundadores do Centro Galego en Berna, e que concluírán o día 20. A baixada dos cabalos desde os montes próximos ata o campo da feira, con paso polo Barrio dos Muíños, a rúa San Roque, a Fonte Vella ou a Praza da Catedral - o día 17 - e a gran feira tradicional de gando cabalar - o día 18- serán as principais actividades arredor do cabalo no programa das feiras.

Ademais, tamén se desenvolverá o III Concurso de Andadura de Cabalo Marchador Galego, certames morfo-



lójicos de Cabalos de Pura Raza Galega, Concurso de Andadura Galega e espectáculos de doma nocturna. Efrén Castro destacou “a raíz gandeira e popular da San Lucas que se veñen celebrando desde 1156 e que recollen o pouso cultural e social de

séculos de relación co cabalo e co medio natural”.

Explicou que “entendemos este tipo de feiras e festas como unha parte do noso patrimonio, por iso vimos colaborando de xeito estábel e constante coas comisións que organizaron as festas ao longo destes anos”. Ademais do programa completo, no acto deuse a coñecer o cartel desta edición, obra de Xosé Vizoso, que coa súa creatividade ven contribuíndo tamén a dar relevancia e continuidade ás San Lucas.

En canto aos concertos, o día 16 actuará Grupo da Silva ás 21.30, o 17 é a quenda Grupo Jaque e Olympus, o 18 chegan as orquestras Salsarena e Los Satélites, ás que seguirán o concerto de Isabel Aaiún ás 22.00 na praza do Seminario o sábado 19. Tamén actuarán Punto Clave e Grupo Tatoon. O último día, o 20, tocarán na vila Grupo Aroma e Kubo.

CC.OO. denuncia falta de persoal na residencia de maiores San Rafael

Comisións Obreiras (CCOO) vén de denunciar a crítica situación que se vive na residencia de maiores San Rafael, en Mondoñedo, xestionada por Mensajeros de la Paz, debido á falta de persoal. As traballadoras do centro sinalan que esta escaseza está a provocar serias dificultades para ofrecer unha atención adecuada aos 47 residentes, situación que se vén arrastrando nos últimos meses.

O sindicato alerta de que unha terceira parte do persoal está de baixa e estas ausencias non se están cubrin-

do, o que xera unha carga de traballo excesiva e uns niveis alarmantes de estrés entre as empregadas. Esta situación, indican, está afectando non só á saúde das traballadoras, senón tamén á calidade dos coidados que reciben os residentes.

Ademais, CCOO denuncia que o centro non conta co persoal de enfermaría necesario que esixe a lexislación. Actualmente, só dispoñen de enfermeiras de luns a venres, deixando os fins de semana sen cobertura adecuada. Esta carencia provoca que as

xerocultoras e incluso as directoras do centro se vexan obrigadas a asumir funcións que non lles corresponden, o que xa foi detectado nunha recente inspección.

Neste sentido, CCOO fai un chamamento á Xunta de Galicia para que tome medidas inmediatas, lembrando que, ao ser un centro concertado, é esencial garantir que o cumprimento dos dereitos laborais repercute directamente na calidade dos coidados ofrecidos ás persoas maiores.

Gaita Escola comeza o novo curso este mes de outubro

A asociación Gaita Escola de Mondoñedo abre as súas portas para o curso 2024/2025 no local veciñal de Masma. A primeira xornada, que foi de portas abertas, tivo lugar o xoves 3 de outubro.

A escola ofrece clases de gaita, percusión, pandeireta e canto, requinta, fruta traveseira e bodhram (instrumento de percusión tradicional irlandés).

As clases impartiranse os xoves en dúas quendas: a aula infantil terá lugar ás 18.30 e 19.30, men-

tres que as clases para adultos comezarán ás 20:30. Os prezos son accesibles: 18 euros ao mes para a cativada e 23 euros para adultos, con tarifas especiais dispoñibles para familias.

Para máis información e inscricións, os interesados poden contactar nos teléfonos 612 392 108 ou 605 582 624. Gaita Escola é unha excelente oportunidade para aprender ou mellorar na música tradicional galega e gozar dun ambiente enriquecedor e comunitario.

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará en Mondoñedo

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos estará en Mondoñedo no mes de outubro, concretamente os días 8 e 9.

A estación itinerante estará xunto á estación de autobuses en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas o día 8 e de 9.00 a 13.30 o mércores 9 co obxectivo de realizar a inspección técnica periódica. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.



“O BreaSon busca poñer en valor Mondoñedo e a nosa cultura”

A Asociación Xoldra organiza a terceira edición do festival o 8 e o 9 de novembro

Lucía Blanco

“Asentar un festival de balde, accesible para todos os públicos, comprometido coa presenza de mulleres no cartel e que poña en valor Mondoñedo e a nosa cultura”. Baixo esta filosofía a Asociación Xoldra, que cumpre 27 anos movendo á xuventude do municipio, traballa nunha nova convocatoria do BreaSon. Trátase dunha cita que se consolida e que conseguirá reunir unha vez máis unha variedade de grupos como Brassica Rapa, Ortiga, Menin@s da Mariña, Cool Nenas, De Ninghures ou Terbutalina o venres 8 e o sábado 9 de novembro nun enclave único como é a Praza da Catedral.

Como está sendo a organización desta III edición?

Máis ordenada que en edicións anteriores, aprendendo ano a ano xa que partimos de cero no 2022. Pero preparados para unhas últimas semanas intensas nas que pode xurdir calquera imprevisto.

A selección de artistas supón unha clara aposta pola música galega.

Tiñan iso claro dende que botou a andar o festival?

Por suposto. Non entendemos un BreaSon doutra maneira. Temos espazo para outras linguas e expresións artísticas foráneas, pero dende logo a protagonista sempre será a cultura propia.

En que se fixan á hora de conformar o programa?

Dende hai moitos anos na Asociación Xuvenil Xoldra somos bastante asiduas a ir a festivais polo que imos vendo grupos e tratando de conxugar un cartel atractivo, formado por distintos estilos e que se adapte aos nosos recursos. Desfrutamos moito dos festivais de pequeno e mediano formato e da implicación que se aprecia neles da veciñanza dos pobos que os acollen.

Precisamente outra das liñas claras desta iniciativa é o protagonismo da colaboración veciñal.

Consideramos que se pode chegar a facer grandes cousas partindo do asociacionismo, da colaboración veciñal e da aposta polo local. Trata-

mos de construír pobo e unir distintas xeracións. Por exemplo, este ano o deseño gráfico é unha homenaxe á imprenta mindoniense, optando por unha fonte caligráfica deseñada por un estudo asturiano moi semellante á usada na nosa imprenta de antigo. Á súa vez, quixemos destacar tamén a xa practicamente extinta profesión de campaneiro. Entón, presentamos as camisetas cun vídeo no que Valentín, campaneiro da catedral de Mondoñedo, tocaba as nosas campás.

A artesanía mantense como un dos sinais de identidade do municipio e tamén formará parte do BreaSon. Como o van facer?

Decidimos engadir obradoiros de artesanía ao cartel. En Mondoñedo contamos co barrio dos Muíños, un barrio que mantén o seu encanto, no que a protagonista é a artesanía. Diferentes artesáns impartirán na tarde do sábado obradoiros brindando a oportunidade de participar en oficios tradicionais presentes na historia do pobo.

Que balance fan ata o momento?

Os últimos detalles



A asociación xuvenil Xoldra ultima a terceira edición do festival BreaSon, que se celebrará na localidade de mariñá. O festival contará coas actuacións de recoñecidas bandas e artistas da música galega actual e haberá ademais actividades complementarias para todas as idades, como a celebración dun magosto popular.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión con representantes do Concello de Mondoñedo e membros da asociación aos que lles

confirmou o apoio do Goberno galego para a terceira edición. A Xunta colaborou xa economicamente nas edicións anteriores deste festival, que se celebrou por primeira vez en novembro de 2022 coincidindo coa conmemoración dos 25 anos da creación da asociación xuvenil. Javier Arias felicitou ao colectivo Xoldra por manter o BreaSon, “unha cita que serve como escaparate para os artistas galegos e que ten un impacto positivo en Mondoñedo desde o punto de vista económico e turístico”.

Positivo, sen lugar a dúbida. Estamos contentas coa acollida e co agradecemento e sobre todo colaboración da veciñanza mindoniense pola actividade que realizamos.

Custa manter citas deste tipo?

Á hora de elixir a data tamén pensamos no calendario festivo e cultural mindoniense, xa que en novembro hai menor oferta ca no resto do ano. Coñecemos os riscos que supón a data que eliximos e asumímolos. O ano pasado tivemos que cambiar a localización do festival e adaptalo nunha semana debido a unha cicloxérese, pero sacámolo adiante igualmente.

Que retos deben asumir?

Pois en relación estrita coa organización, axustar a música e actividades que queremos ofrecer e as necesidades técnicas e infraestruturas que presenta un festival en novembro nunha praza Patrimonio da Humanidade

aos medios económicos e humanos dos que dispoñemos. Xa no persoal, é moi complicado compaxinar os nosos traballos con todas as xestións que se requiren para sacar adiante un evento así.

Como está sendo a resposta do público?

Moi boa, sempre nos sorprende cando alguén chega dende outras provincias pola dificultade xeográfica que temos e cunha nula rede de transporte público. En canto ao local, a participación de persoas de todas as idades do pobo fainos moi felices.

Pero o seu traballo non remata no BreaSon. Que nos espera despois?

Agora só podemos centrarnos ao 100 % no festival, xa que nos ocupa moito tempo. En canto pase, xa nos poñeremos a preparar outras actividades como unhas xornadas gastronómicas, a carreira de fin de ano, o entroido mindoniense....

O PSOE esixe á Xunta unha nova parada de autobús para os escolares

Os Socialistas de Mondoñedo demandan ao Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia a creación dunha nova parada de autobús regular no municipio, coa finalidade de facilitar o acceso do alumnado mindoniense aos centros educativos da Mariña. Esta reclamación vén motivada pola actual situación, onde a liña regular de autobuses realiza a súa primeira parada en Alfoz, deixando a Mondoñedo sen servizo directo. “O PSdeG insta ao

Goberno do PP de Mondoñedo a buscar unha solución con tódolos axentes implicados, ante a inexistencia de transporte público gratuito aos centros educativos da Mariña”, afirmaron os socialistas. Aseguran que esta situación preocupa de maneira especial ás familias afectadas, que, a poucos días do inicio do curso escolar, aínda non saben se os seus fillos contarán con transporte para asistir ás aulas. Dende o PSdeG subliñan que é cru-

cial que o Goberno Municipal se involucre activamente na busca dunha solución. “Entre todos temos que atopar unha saída a esta problemática, que non só preocupa ás familias, senón que tamén pode comprometer a educación dos mozos e mozas de Mondoñedo”, concluíron.

O curso escolar está a piques de comezar e a incerteza sobre a dispoñibilidade do transporte público está a causar inquietude entre a comunidade educativa da zona.

O BNG reclama medidas para unha circulación segura na A-8

O deputado do BNG Néstor Rego Candamil presentou unha serie de preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de axilizar a instalación da solución técnica que garanta a circulación segura no Alto do Fiuoco na A-8.

Explican que a presión política e social levou ao Ministerio a adoptar unha medida provisional coa instalación das denominadas balizas intelixentes con luces led nas marxes da vía que reduciron os cortes na

A-8 “mais non é a solución definitiva que se demanda a un problema que é estrutural pola mala configuración da autovía e o seu trazado”.

“O sistema elixido polo Ministerio implica a instalación de luces láser que indican unha liña pola que circular e que tamén incorporan sensores que avisan doutros perigos. É o momento de axilizar a solución técnica seleccionada para que se poida conducir con seguridade por unha vía que foi pensada para liberar de tráfico a vetusta N-634”.

Soltan dous exemplares de píllara das dunas para a súa recuperación

Técnicos da Xunta e da USC liberaron dous exemplares de píllara das dunas na praia de Altar, en Barreiros, o último lugar no que se constatou a súa presenza de forma natural antes de desaparecer da costa lucense hai oito anos. O acto contou coa participación do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e forma parte do plan de conservación da especie que está a desenvolver a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para recuperar esta ave, catalogada como vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Esta liberación súmase a outra realizada en agosto, cando se soltaron dous exemplares máis na mesma localización. Os exemplares liberados foron criados en cativeiro no Centro de recuperación de fauna silvestre da Xunta de Galicia, en Oleiros (A Coruña), a partir de ovos recollidos na natureza. O plan de conservación na costa de Ferrolterra está dando resultados positivos, co asen-



tamento dalgúns individuos na zona.

No caso da provincia de Lugo, o proxecto está sendo levado a cabo polo Servizo de Patrimonio Natural, en colaboración co profesor Jesús Domínguez e a técnica María Vidal, do departamento de Zooloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Os ovos son recollidos durante a primavera, incubados no centro de recuperación, e as crías pasan algo máis dun mes antes de ser liberadas. A esperanza de vida media da píllara das dunas é de 3 a 4 anos, e comeza a súa etapa reprodutiva ao redor do primeiro ano de vida.

Finaliza a limpeza do tramo urbano do río San Miguel



A alcaldesa, Ana Ermida, e o concelleiro de Medio Ambiente e Rural, Dámaso Ratoeira, revisaron os traballos de limpeza realizados polo persoal no tramo urbano do río San Miguel. Estes labores inclúen a retirada de silveiras e amieiros, así como a eliminación de sedimentos que obstaculizaban o fluxo da auga nas entradas das pontes.

Ana Ermida destacou a complexidade dos traballos debido ás esixencias medioambientais: "Tivemos que facer estudos e memorias para compatibilizar as necesidades sociais e ornamentais coas medioambientais, tal como esixen as autorizacións de

Augas de Galicia". Dámaso Ratoeira explicou que os traballos non só buscan abrir o leito do río, senón tamén mellorar a súa calidade ambiental, favorecendo unha masa arbórea que non interfira co fluxo da auga e contribúa á biodiversidade.

Estes traballos forman parte dun plan máis amplo para mellorar o centro urbano de San Miguel, que inclúe a instalación de elementos para ocultar colectores de lixo e outras melloras no entorno. A alcaldesa tamén aproveitou para felicitar á veciñanza polas festas de San Cosme e San Miguel, que se celebrarán esta fin de semana.

A Deputación impulsa un programa de conciliación

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou dous acordos de colaboración cos concellos de Lugo e Barreiros, destinados a mellorar os servizos públicos e a dinamizar a economía local. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, destacou que estas novas accións enmárcanse dentro do compromiso da Deputación para garantir que os municipios da provincia contan cos recursos necesarios para impulsar a promoción turística e mellorar as dotacións da veciñanza.

Así, a Xunta de Goberno aprobou unha colaboración co Concello de Barreiros para apoiar o Programa + Concilia Barreiros, unha iniciativa destinada a facilitar a conciliación laboral de 92 familias durante os períodos non lectivos. A Deputación achega 17.000 euros para este programa, ao que o concello

contribúe cunha achega adicional de 4.000 euros. Este programa, no que participaron 280 nenos e nenas de entre 4 e 12 anos, celebrouse durante a Semana Santa, a última quincena de xuño e a primeira de setembro. Ofreceu actividades deportivas, culturais e educativas, fomentando o desenvolvemento integral dos menores.

"Sabemos o importante que é para as familias compatibilizar a vida laboral coa crianza, por iso apoiamos iniciativas como esta, que non só facilitan a conciliación, senón que tamén axudan ao desenvolvemento dos cativos", destacou Rivera. Estes dous acordos reflicten o compromiso da Deputación de Lugo cos concellos da provincia, colaborando en iniciativas que melloran a vida dos veciños e dinamizan a economía local.



A Asociación Mulleres e Homes do Rural organiza clases de Patchwork e costura

A Asociación Mulleres e Homes do Rural, en colaboración co Concello, pon en marcha unhas clases de Patchwork e costura creativa. Esta formación, dirixida a todas aquelas persoas interesadas en mellorar as súas habilidades de costura, desenvolverase no local da asociación, situado na Rúa da Feira, 32.

As clases terán unha duración de 2 horas e 30 minutos, aínda que os días e horarios exactos están por determinar. O prezo da actividade será de 35 euros para socios da asociación e 40 euros para non socios. As persoas interesadas en obter máis información ou en inscribirse poden contactar a través do teléfono 697 221 869.

Programan un obradoiro de teatro para os estudantes do CEIP da Pontenova

A ANPA e o CEIP da Pontenova programan un obradoiro de teatro para os pícaros da man de Julio Quintas. Está destinado aos estudantes de 4º, 5º e 6º de primaria, ofrecendo aos nenos e nenas a oportunidade de explorar a súa creatividade e habilidades expresivas a través da expresión corporal, a voz e o drama. As clases terán lugar os luns de 16.00 a 17.15 horas, dende o 30 de setembro ata o 9 de xuño, e están deseñadas para fomentar a desinhibición, a confianza e a expresión libre, a través de xogos e exercicios adaptados a estas idades.

O programa inclúe actividades como xogos de interrelación, técnicas de mimo e pantomima, exercicios de dicción, e dramatización de escenas da vida cotiá. O prezo é de 20 euros ao mes por participante. Os pagos realizaranse dende outubro ata maio, e o mes de xuño será gratuito. Este obradoiro é unha excelente oportunidade para que os máis pequenos desenvolvan a súa capacidade de comunicación, explorando a súa voz e a súa capacidade para crear personaxes, todo nun ambiente divertido e educativo. Para máis información, os interesados poden contactar co Concello da Pontenova ou acudir directamente á Casa do Salmón.

O PP pide a reparación dos tres accesos á praia de San Bartolo



Os concelleiros do Grupo Municipal do PP veñen denunciando dende hai moitos meses o risco que hai para todos os veciños e turistas polo estado no que se atopa unha fosa existente na praia de San Bartolo, ao carón da escalinata central de baixada á mesma, na súa marxe dereita, fosa de aproximadamente tres metros de ancho e dez de profundidade, con perigo para a integridade física e mesmo á vida humana de veciños e visitantes.

Ademais de dita fosa, existe outra, algo máis pequena, igualmente moi perigosa, mao pé dun paseo peonil, na zona detrás do Hotel-Restaurante Acantilado, e que está sen valar nin sinalizar. Neste senso, o voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, explica que "pese a todas as denuncias públicas que

realizamos e todas as mocións que defendemos no pleno, nada se fixo" polo que "vémonos na obriga de insistir para que o Concello de Barreiros tome as medidas oportunas".

Por iso, os concelleiros populares instan ao Goberno local de Barreiros peche de forma eficaz os accesos para impedir que calquera poida achegarse ás fosas, evitando así calquera risco. Do mesmo xeito, tamén se pedira que se inste á Demarcación de Costas a que adopte as medidas necesarias para repoñer os dous afundimentos o seu estado orixinal. A realidade é que estas fosas son moi perigosas, sobre todo pola noite e nas horas de pouca luz xa que poden ser dificilmente visibles.

“A Pontenova ten apelidos característicos e é algo que non sucede noutras zonas”

A investigadora M^a José Ginzo estudou como nos distribuimos os galegos segundo estas denominacións

Lucía Blanco

Os apelidos forman parte do patrimonio familiar na comunidade. Transmitidos de xeración en xeración, din quen somos e quen chegamos a ser ao longo dos anos. Saber como nos distribuimos os galegos en canto a estas denominacións era a intención da matemática M^a José Ginzo, que desenvolveu unha tese sobre a súa evolución espazo-temporal. “Identificar cal era o apelido máis característico dunha zona e a miña unidade mínima especial eran os concellos” mantívose como un dos seus obxectivos.

Na investigación tivo unha certa influencia a procedencia de seus avós, naturais da Pontenova, ata onde se desprazou nunhas vacacións de Nadal para determinar cales eran os nomes máis representativos. “Coñezo o municipio non só a nivel de concellos, senón a nivel de parroquias. Así que busquei información das persoas que faleceran alí e estaban enterradas para identificar cal era dalgunha maneira o apelido característico de cada parroquia”.

Neste concello mariñán encóntran-

se apelidos que caracterizan a zona, entre os que enumera o seu, Ginzo —toponímico do lugar de Xinzo na Pontenova—, que tamén é dos máis frecuentes; Iravedra; Lodos; Moirón ou Trevín —é probable que sexa toponímico do lugar de Trevín na Fonsagrada—. “Noutros lugares non sucede así. Por exemplo, zonas como Ames, en Santiago, ou as propias cidades son zonas atractoras e hai xente de toda a comunidade. Ao final aínda que se pode sinalar un apelido característico da zona ou da comarca, haberá unha maior diversidade”. En *Técnicas estadísticas en xeolinguística. Modelización onomástica* buscaba construír rexións de apelidos en Galicia, para saber se nos agrupamos dalgunha maneira determinada, e logo estudar un por un para coñecer o seu patrón espacial e temporal. A partir de técnicas de estatística bayesiana, empregada habitualmente na epidemioloxía, analizou “a incidencia ou a probabilidade de que un apelido determinado apareza nunha rexión determinada, neste caso sería un concello”.

A través desas ferramentas de pre-



dición e tendo en conta tanto a frecuencia destes nomes nos distintos concellos e o total de habitantes, pódese saber que ocorre con esa denominación. “Un que sexa pouco frecuente é mais probable que chegue a aparecer nas grandes cidades como Lugo ou Vigo que nun pobo

pequeno porque as grandes urbes son focos atraccións de poboación”. A distribución dos habitantes co paso do tempo tamén deixou pegada na localización das denominacións, afectada por procesos como a urbanización de finais dos 60 pola que moitos galegos foron vivir ás

grandes urbes. “Algún apelido tamén o estudamos dende ese punto de vista, facendo cortes no conxunto de datos e quedando con poboación nada antes de 1945, 1965 e así sucesivamente. Vas vendo como van saltando os apelidos que son normalmente máis rurais ou máis afastados das cidades, por dicilo dalgún xeito, e van aparecendo nelas”. Porén, o ideal nesta cuestión sería contar cun padrón máis antigo. “Parto das persoas vivas no 2011 e por exemplo se estudo un apelido concreto como Ginzo, característico da Pontenova, os meus avós xa non estaban vivos nese ano. Se corto nos nados antes do 45, aínda que sei que existían, no meu estudo non aparecen e queda nesgado”.

Este traballo naceu como consecuencia dunha rede de investigación Tecnoloxía e Análise de Datos Lingüísticos (TeCANDaLi) formada por grupos de investigación en Estatística, Ciencias da Computación da USC e tamén de investigadores de Telecomunicacións e de Filoloxía da UVIGO baixo o paraguas do Instituto da Lingua Galega. “Propoñía retos relacionados co galego para que os resolveramos empregando cada un ás ferramentas da súa área. Empezando a traballar con eles xurdiu o tema de tratar de ver se había algún paralelismo entre a forma de agruparse os apelidos galegos e a forma que ten o mapa das variedades dialectais do galego”.



Inauguran o Outono Gastronómico na vila

A Xunta de Galicia ten en marcha ata o 15 de decembro a 18ª edición do programa Outono Gastronómico de Turismo Rural, a iniciativa coa que cada ano promove as viaxes fóra da tempada alta combinando o turismo rural e a gastronomía co fin de desestacionalizar e dar pulo ao sector. Nesta campaña participan 23 establecementos da provincia de Lugo. O delegado territorial, Javier Arias, visitou un dos aloxamentos adheridos, Casona de Labrada, no concello da Pontenova, para dar a coñecer os detalles deste programa, ao que se

adheriron un total de 77 negocios de toda Galicia.

Os consumidores poden escoller entre diferentes modalidades que inclúen menús deseñados especialmente para esta campaña, así como estadias dunha noite ou dunha fin de semana. A maiores, algúns establecementos ofrecen actividades complementarias, como visitas culturais, rutas de sendeirismo, paseos a caballo ou descenso en canoa, entre outras. Hai tamén paquetes para as familias que viaxan con nenos e nenas.

O CIT A Pontenova amplía o programa de actividades con pilates

O Concello da Pontenova, en colaboración co CIT A Pontenova, organiza novas clases de pilates para fomentar o benestar e a actividade física entre a comunidade. As sesións terán lugar na Casa do Salmón e estarán dispoñibles os luns e mércores en horario nocturno, de 22.30 a 23.30 horas, ideal para aqueles que precisan un momento de descanso despois do día laboral. As clases serán impartidas por Alba Fernández Lodeiro, unha profesional cualificada en actividades físicas.

O custo será de 12 euros para os socios e socias do C.I.T., e de 14 euros para aqueles que non sexan socios. Para obter máis información ou inscribirse, pódese contactar con María José no teléfono 661 909 152. Esta é unha oportunidade excelente para mellorar a flexibilidade, reducir o estrés e manterse activo nun ambiente acolledor. Os principais beneficios do pilates



inclúen a mellora da forza do core (abdominais, costas e pelvis), o aumento da flexibilidade, o alivio da tensión muscular, a mellora da postura e a prevención de lesións. Ademais, é unha actividade accesible para persoas de todas as idades e niveis de condición física, xa que se poden adaptar os exercicios segundo as capacidades e necesidades individuais.

A asociación de pensionistas Val de Miranda organiza unha excursión

A Asociación de Pensionistas e Xubilados UDP Val de Miranda organiza unha excursión á Fonsagrada e Grandas de Salime, en Asturias, o sábado 19 de outubro de 2024. A saída terá lugar ás 8.30 da mañá desde a Praza de Os Fornos da Pontenova, con regreso previsto para última hora da tarde. O prezo por persoa é de 40 euros, que inclúe as entradas ao Museo da Fonsagrada, unha posible visita ás Cárnicas Castelaio, e unha visita ao Museo de Grandas de Salime. Ademais, está incluída a comida e o transporte en autobús. As prazas son limitadas e o prazo para anotarse finaliza o martes 15 de outubro de 2024. Para inscribirse, os interesados poden contactar con Carballeira (659 988 451), José (619 414 023) ou M^a Carmen (676 053 392), ou falar con calquera membro da directiva da asociación. Esta é unha excelente oportunidade para gozar dun día de cultura, gastronomía e convivencia, visitando algúns dos lugares máis emblemáticos da Fonsagrada e Grandas de Salime.

Alfoz acollerá o XXX Festival da Terceira Idade o 13 de outubro

O Goberno local anuncia a celebración do XXX Festival da Terceira Idade, dirixido a todas aquelas persoas con máis de 65 anos ou que sexan pensionistas e que estean empadroadas no municipio. Os asistentes poderán ir acompañados dos seus cónxuxes.

Os actos comezarán ás 13:00 horas cunha misa na Igrexa Pa-

rrroquial de San Pedro de Mor, seguida dunha comida de fraternidade no Pavillón Municipal de Alfoz, onde se desenvolverán diversas actividades.

As persoas interesadas en participar deben inscribirse na Oficina de Servizos Sociais do Concello, mediante os mecanismos habituais presencial ou telefónico.

A biblioteca pública cambia o seu horario

A biblioteca pública municipal de Alfoz cambia o seu horario de apertura. Deste xeito, o servizo abrirá os luns, mércores e venres de 16.30 a 19.30 horas para todos aqueles que queiran facer uso das instalacións, realizar as súas devolucións e préstamos de libros, utilizar os ordenadores,

tabletas e libros electrónicos, a zona de lectura e de estudo, o espazo infantil ou darse de alta como socio. No caso de querer realizar unha devolución fóra deste horario, os usuarios poden empregar o buzón de devolucións situado no exterior da Casa da Cultura.

O Goberno local logra unha subvención para mellorar a súa piscina



O Concello de Alfoz conseguiu unha nova subvención para a mellora da eficiencia enerxética da piscina municipal. O proxecto, cun orzamento total de 33.588 euros, será financiado integramente polo Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia.

Este proxecto contempla varias actuacións clave, entre as que se inclúen a colocación dunha nova cuberta dos vestiarios, a mellora do sistema de recollida de augas pluviais, a instalación dun novo falso teito, a substitución das luminarias actuais por modernas luminarias

LED e a colocación de termos acumuladores novos.

Estas intervencións chegan nun momento clave, despois de que a piscina municipal sufrira danos considerables durante os temporais de febreiro. As obras permitirán restaurar e mellorar a infraestrutura do edificio e a súa eficiencia enerxética. "A solicitude e concesión desta subvención representa un importante apoio para a conservación das infraestruturas municipais, reflectindo o compromiso do Concello coas instalacións deportivas", apuntan desde o Concello.

O Concello incrementa o número de horas dispoñibles para o SAF

O Concello de Alfoz, dirixido pola alcaldesa Efigenia Maseda, continúa a súa folia de ruta para mellorar a calidade dos servizos sociais, cumprindo así un dos compromisos do programa de goberno de VIA Alfoz. Unha das accións clave foi a recente revisión de todos os expedientes dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de libre concorrencia. Este proceso permitiu axustar as horas de atención de forma equitativa, adaptándose ás necesidades reais de cada usuario, mellorando a eficiencia do servizo e garantindo unha atención máis personalizada.

A alcaldesa Efigenia Maseda, que ten asumidas as competencias dos servizos sociais municipais, explicou que este traballo é fundamental para asegurar que os veciños reciben o servizo que precisan. "A nosa responsabilidade é ofrecer un servizo máis eficiente e de maior calidade. Coa revisión dos expedientes, aseguramos que os usuarios reciben a atención que realmente necesitan, diminuíndo as listas de



agarda e mellorando a cobertura", afirmou. Esta medida enmárcase dentro do compromiso de VIA Alfoz de optimizar os servizos sociais para garantir o benestar dun dos sectores máis vulnerables da poboación, as persoas os maiores.

Un dos elementos clave nesta mellora foi o incremento das horas de traballo das auxiliares do SAF, que agora traballan a xornada completa. Isto permitiu ampliar a capacidade de atención do servizo, permitindo tamén incorporar novos usuarios que antes estaban na lista de agarda. "Este é un dos compromisos que presentamos

no noso programa de goberno e que estamos cumprindo durante esta legislatura, seguindo a nosa folia de ruta para mellorar a vida dos veciños e veciñas de Alfoz", engadiu a alcaldesa, quen indica que "ademais, estanse a realizar os trámites oportunos para solicitarlle á Xunta aumento de horas para dependencia".

Con este avance, o Concello de Alfoz non só incrementa o número de horas dispoñibles para o SAF, senón que asegura un servizo máis xusto e eficiente. Esta reestruturación do servizo fai posible que os usuarios teñan acceso á atención que realmente necesitan, ao mesmo tempo que se optimizan os recursos dispoñibles. Efigenia Maseda informou destas medidas tomadas desde a alcaldía na última reunión da Dirección Executiva de VIA Alfoz, "reafirmando o seu compromiso de seguir traballando para que o SAF e outros servizos sociais sigan avanzando cara a unha atención máis eficiente, equitativa e adaptada ás necesidades reais dos seus usuarios".

O BNG leva as demandas do CEIP Castro de Ouro ao Parlamento

Continúan as concentracións diante do CEIP Castro de Ouro de Alfoz ante a falta de compromiso da Xunta para facer efectivo o cumprimento do acordo de agrupamentos e a reposición da praza de pedagogía terapéutica (PT) que foi eliminada neste curso escolar. Desde o BNG trasladan o seu apoio a estas reivindicacións de pais e nais e de toda a comunidade educativa escenificadas coas concentracións que realizan os luns ás portas do colexio, e ás que vén asistindo o deputado mariño Daniel Castro.

Castro anunciou que serán tratadas proximamente no Parlamento as iniciativas ao respecto desta problemática que presentou e rexistrou días atrás, despois de que nais e pais lle trasladaran a situación que se está a vivir no colexio. Así, debaterase a proposición non de lei presentada polo deputado e na que se pide non levar a cabo os agrupamentos do alumnado de diferentes ciclos educativos no centro ao contar este con alumnado suficiente segundo os acordos asinados. Na mesma proposta instase tamén á Xunta a



recuperar a praza de pedagogía terapéutica.

En palabras de Castro, ven "inxusta esta situación xa que o propio acordo de agrupamentos indicaba que se podería agrupar o alumnado de primaria pertencente a distinto ciclo nunha mesma unidade cando o número fose igual ou inferior a 12, e pola contra, no CEIP contan con 15 alumnos nun dos agrupamentos". Afirmo tamén que é necesario avaliar unha variable máis, porque hai outro agrupamento no que hai 12 estudantes, polo que se tén que estudar se algún deles ten necesidades

específicas de apoio educativo, un feito que modificaría a ratio.

Daniel Castro tampouco deixa de pasar por alto a condición da situación territorial deste colexio en pleno rural no Val do Ouro e nese sentido manifesta que é difícil de entender que a Xunta non teña a máis mínima intención de favorecer o asentamento de familias no rural galego, afirmando tamén que "o PP unha semana ataca a sanidade pública e outra o ensino público no rural e puidemos comprobalo meses atrás no Valadouro e agora en Alfoz"


O novo mapa da Xunta insiste na viabilidade das fusións municipais

A Xunta de Galicia presentou no congreso Reforma do Mapa Municipal de Galicia o informe 'A Planta Local Galega', un documento elaborado pola Fundación Juana De la Vega en colaboración coas tres universidades galegas e que valora unha hipotética fusión municipal entre varios concellos de Galicia. Concretamente, o informe abre a porta a unha posible fusión entre os concellos ourensáns de Nogueira de Ramuín e Pereiro de Aguiar, Alfoz e O Valadouro (Lugo), Santiago e Teo, así como Noia e Louzame, na provincia da Coruña, e Sanxenxo e Meaño ou a fusión de concellos da comarca do Deza, na provincia de Pontevedra. A Xunta insiste en que serán os

propios concellos, de forma voluntaria, os que deben decidir os mecanismos máis axeitados de asociacionismo e cooperación intermunicipal -compartindo postos de secretaría, intervención ou tesourería entre varios municipios, agrupacións ou mancomunidades, fusións...- co obxectivo de que a veciñanza teña un acceso igualitario aos servizos con independencia do lugar no que resida e, ao mesmo tempo, se poida facer fronte a desafíos da demografía galega como o avellentamento ou o despoboamento. O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, explicou durante a inauguración do Congreso que as primeiras conclu-

sións amosaron que a cidadanía ten unha predisposición favorable á fusión voluntaria dos concellos con ata un 83%, e considera que a redución do número destes melloraría a súa capacidade de prestación de servizos. A porcentaxe redúcese cando se pregunta polas fusións no propio concello.

REFORMA DA LEI. Diego Calvo lembrou que a Xunta está a traballar na reforma da Lei de Administración Local de Galicia de 1997 e precisamente as conclusións deste estudo tamén serán tidas en conta na súa elaboración. Coa nova norma, o Goberno galego pretende avanzar cara un municipalismo do século XXI asentado na coopera-



ción, a coordinación e na colaboración con ferramentas que garantan a calidade dos servizos municipais no actual contexto demográfico da comunidade ao prestar, por tanto, especial apoio aos concellos en risco de despoboamento. Por outra parte, explicou que na viabilidade dos concellos ten moito que ver o financiamento local, polo que aclarou que a súa nego-

ciación ten que ir asociada á do financiamento autonómico entre o Goberno central e as comunidades. Para compensar os desfases, a Xunta garante a participación das entidades locais nos orzamentos autonómicos mediante o Fondo de Cooperación Local. Así, este fondo sumado a todas as axudas da Xunta ás entidades locais supera os 602 millóns este ano.

o valadouro



Os veciñanza, alarmada polo ataque do lobo

Os senadores do PP lucense – José Manuel Barreiro, José Manuel Balsero e Juan Serrano- visitaron Ferreira do Valadouro para poñerse a disposición do novo alcalde do municipio, José Manuel Lamela, “para o que puidera necesitar dende o Senado”. Neste primeiro encontro, o rexedor trasladoulles un tema que preocupa a boa parte dos veciños e veciñas, especialmente aos gandeiros e gandeiras: “Os ataques do lobo aos animais das súas explotacións”. Este problema, xeneralizado na comarca, a provincia e en toda Galicia, “supón importantes perdas para o sector gandeiro afectado” e xera preocupación entre todos os gandeiros e gandeiras das zonas con abundante presenza da especie.

Á vista de que a pasada semana o Consello da UE acordaba rebaixar o status do lobo de ‘estritamente protexido’ a ‘protexido’, os senadores lucenses dirixíronse formalmente ao

Goberno de España para preguntarlle se vai adoptar a mesma medida e permitir o control da especie en zonas onde non está en perigo de extinción como é o caso de Galicia. Os populares sinalan ao Goberno de Sánchez porque “a decisión final está nas súas mans” xa que “é o Estado o que debe quitalo da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESPRE)”. Tendo en conta que España foi -xunto a Irlanda- un dos países que votaba na UE en contra de rebaixar o status do lobo, “non parece que o Goberno do PSOE estea disposto a escoitar as demandas dos gandeiros e de Galicia: rebaixar o seu status para poder garantir o equilibrio entre a súa protección e a actividade gandeira”. O senador mariñán subliñou que “dende o PP temos claro que estaremos ao lado dos gandeiros da nosa provincia e pedimos ao Goberno de España que actúe”.

O BNG denuncia a ruptura do goberno e entrega da alcaldía ao PP



O BNG do Valadouro expresa a súa profunda desconformidade coa decisión da escaleta, María José Fernández, de romper o goberno local e ceder a alcaldía ao Partido Popular. Desde a formación nacionalista, consideran esta medida “fóra de toda lóxica e ética”, xa que pon fin ao goberno de progreso conformado tras as eleccións municipais de 2023 mediante un pacto tripartito entre o BNG, o PSOE e UdiVal.

O BNG, que liderou diversas concellarías durante o mandato, destaca o seu traballo en áreas como Medio Rural e Cultura, a cargo de Eduardo Chao, así como Educación, Conciliación e Obras, dirixidas por Eliseo Teijeiro. “Conseguíronse melloras importantes para o concello, como novas infraestruturas, dinamización social e organización de eventos

clave”, apuntan dende o BNG. Eduardo Chao criticou que o Partido Popular acceda ao poder “pola porta de atrás” e cualificou a situación como un exemplo de “xogo sucio”. O voceiro do BNG recorda que a alcaldesa agora cede o cargo á persoa que ela mesma apoiou para ser destituída nunha moción de censura en 2013. “Cando a esmola é tan grande, ata o santo desconfia”, sentenciou Chao, subliñando que esta manobra beneficia ao PP, partido que “deixa ao Valadouro sen médicos”. Finalmente, o BNG asegura que seguirá traballando para liderar de novo un goberno de progreso en beneficio da veciñanza, co obxectivo de recuperar a confianza e o apoio dos cidadáns do Valadouro nas próximas eleccións.

Convocan a 37ª edición da Feira do Mel do Valadouro

A Concellería de Cultura do Concello do Valadouro presenta unha nova edición da Feira do Mel, unha cita que chega a súa 37ª convocatoria e que se celebrará o sábado 12 de outubro.

Trátase dunha das citas máis esperadas e queridas do outono na vila e en toda a bisbarra. O evento celebra a excelencia do noso mel e o coidado traballo dos nosos apicultores.

Esta xornada completaráse ademais da venda de mel e material apícola, con obradoiros de candeas, degustación de eco-cócteles, filloas con mel, castañas, contos, ambientación musical e moitas máis sorpresas.

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas volve á localidade

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos estará no Valadouro un ano máis no mes de outubro, concretamente o día 10.

A estación itinerante estará na explanada do parque Concepción Arenal do Concello co obxectivo de realizar a inspección técnica periódica.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycityv.com.

O CEIP, alarmado polo agrupamento de cursos

Os concelleiros volvéronse xuntar coa corporativa do colexio, coa ANPA e coa directora do centro para ver as carencias e necesidades que tiñan, xa que estaban demandando un profesor e tiñan pendente a instalación dun bambán adaptado. Estas reunións desenvólvense tras unha moción presentada no seu momento polos socialistas para tratar posibles temas de intereses do colexio.

Dende o centro tamén comunicaron o malestar que tiñan xa que os cursos de 4º, 5º e 6º están xuntos, cando os materiais que están a usar non teñen nada que ver. Deste xeito, en 4º utilizan libros de texto e o resto ten o programa Edixgal. Por outra banda, a voceira do PsdG, Verónica Canoura, tamén tentou rexistrar unha moción para dar solución ao canon de Sogama xa que se trata dunha cuestión que afecta aos intereses da veciñanza.

“Aínda que a rexistrei a tempo non a meteron na Orde do día, así que metina como urxencia, pero tamén o rexeitaron, como se non fora un tema importante”. Deste xeito, dende a formación política e sabendo os problemas existentes en canto a Educación, Sanidade, Portos de Galicia e Servizos Sociais, pedíronlle ao Goberno local “realice as xestións oportunas cos responsables da Xunta e busque unha solución”.



O Vicedo espera abrir unha ponte colgante de acceso ao Fuciño do Porco

O alcalde, Jesús Novo Martínez, mantivo unha reunión co presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, Francisco Barea. Durante o encontro, Barea solicitou colaboración económica ao Goberno local para levar a cabo unha ponte colgante no acceso ao Fuciño do Porco para salvar a zona dos desprendementos que na actualidade impiden acceder ao lugar.

“Estamos en espera de que me manden o proxecto para solicitar as autorizacións sectoriais e tamén bucar a financiación”, indica o rexedor. Segundo apunta, o Concello deberase facer cargo do 50 % do importe, polo que esperan “axilízalo o máximo posible para

que este verán estea funcionando”.

A obra supón unha elevada inversión que podería ascender a uns 600.000 euros, que poderían incrementarse ao producirse posibles imprevistos durante a actuación e tamén tendo en conta a inestabilidade do terreo no que se vai a acometer. O Fuciño do Porco, no que se fixa un límite de visitantes por día, estivo pechado durante este verán con motivo dos desprendementos que se sucederon no camiño, que se tivo que precintar e cuxo estado empeorou no inverno pasado. Por outra banda, o Goberno local impulsou a renovación do paseo marítimo, unhas obras que xa comezaron nestes días.

Volven denunciar a falta de médicos nunha nova manifestación



A veciñanza do Vicedo non frea as súas protestas pola falta de médicos no centro de saúde do concello mariñán e reclamaron de novo a urxencia na cobertura das prazas con carácter fixo. Unha vez máis, as Asociacións culturais, deportivas e de veciños da vila manifestáronse para esixir mudanzas nesta problemática que arrastran dende fai tempo.

Os convocantes programaron unha nova concentración o domingo 29 de setembro ás 11.30 horas diante da Casa do

Concello. Esta manifestación sumouse a unha longa dunha serie de protestas programadas nos últimos meses coas que levan denunciando as carencias sanitarias que seguen a sufrir na actualidade. Por exemplo, durante dúas semanas estiveron as axendas pechadas, con días sen facultativo, mentres que noutras xornadas só se atenderon as urxencias, anulándose citas ou mantendo soamente a atención durante unhas catro horas.

ourol

Ourol organiza o seu Encontro de Maiores



O Concello de Ourol organiza o Encontro de Maiores, dirixido ás persoas maiores de 55 anos empadroadas no municipio. O evento, que inclúe unha comida gratuíta, terá lugar o domingo 27 de outubro ás 14.00 horas no Restaurante Louzao (Área - Viveiro).

As persoas dependentes poderán acudir cun acompañante, mentres que os cónxuxes ou parellas non empadroadas deberán abonar o prezo da comida. A data límite para anotarse é o 24 de outubro, e as entradas pódense recoller no Departamento de Servizos Sociais do concello. Para máis información, os interesados poden chamar aos teléfonos 982 559 109 ou 677 489 457.

Someten a información pública a repotenciación do parque eólico

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o acordo polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa para o proxecto de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto para reformar o parque eólico Muras, situado entre o municipio chairego e Ourol.

O proxecto de Iberdrola Renovables Galicia inclúe o desmantelamento de 74 aerogeradores, cunha potencia total de 48,84 MW, e a instalación de once, cunha potencia instalada correspondente á repotenciación de 47,3 MW.

Os once aerogeradores terán 117 metros de diámetro de rotor e unha altura de buxe de 84 metros. A obra inclúe unha rede

colectora de media tensión, actuacións sobre unha subestación existente e sobre a liña de media tensión que conecta o parque coa subestación. O orzamento rolda os 39,4 millóns de euros.

A documentación estará a consulta 30 días para quen desexe expor alegacións. O DOG inclúe un anexo coa relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de renovación tecnolóxica deste parque eólico.

No municipio de Muras hai 177 predios afectados, en lugares como Chao Pena de Curvos, Chao do Monte, Gañidoira ou Bestemuz, entre outros. En Ourol cítanse doce propiedades, en Costa de Cebrán ou Pena do Carrulleiro.

O BNG denuncia o mal estado do acceso á praia de Arealonga

No último pleno do Concello do Vicedo, os nacionalistas da man do seu voceiro no municipio, Miguel Gómez Fraga, puxeron enriba da mesa o mal estado do acceso á praia de Arealonga. Aseguran que presenta deficiencias e unha vía moi deteriorada con cunetas sen limpar. “Ademais, en época estival, os veciños vén como se aparca a calquera xeito, dificultando as saídas e os cambios de sentido”. Deste xeito, piden ao equipo de Goberno unha actuación urxente.

A sanidade continúa a ser unha das cuestións de actualidade na localidade, polo que preguntaron pola apertura do centro de día e pola cobertura de médicos no centro de saúde do Vicedo, que motivou continuadas manifestacións veciñais. “Das dúas prazas de médico que temos, só se cubre unha de xeito temporal, e non sempre, cando en Viveiro non hai médicos, suplen coa médica que temos aquí”. Por este motivo e “en

vista de que a Consellaría non quere mellorar a atención primaria no concello”, pídenlle ao Goberno que se posicione ao lado dos veciños e que asista ás distintas mobilizacións que se están a organizar.

Por outra banda, os nacionalistas defenden que lles resulta “insuficiente” a inversión por parte da Consellaría de Mar e Portos de Galicia no porto da vila. Segundo apuntaban dende a Administración, comezarán os traballos de estabilización do peirao da lonxa no porto do Vicedo que se dividirán en dúas fases e aos que se destinan 55.000 euros. “Dende o BNG cremos que 55.000 euros son moi insuficientes para que o noso porto quede ben reparado e rogámoslle ao equipo de Goberno que traslade a petición dunha maior inversión e mellor revisión do porto, xa que os danos estruturais non só están detrás da lonxa”.

O Concello programa a renovación da cuberta do pavillón municipal

O Concello acometerá nas próximas semanas a substitución da cuberta do pavillón polideportivo municipal, tras os estragos causados polos temporais do pasado inverno. Ademais, renovaranse os canos e as baixantes para mellorar a infraestrutura.

O proxecto, cun orzamento total de 87.453,72 euros, será posible grazas ás subvencións obtidas: 60.000 euros da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e outros 20.000 euros da Área de Deportes da Deputación de Lugo. O Concello achegará a contía restante mediante fondos propios.

O alcalde de Trabada, Rubén García, explicou que “a necesidade de renovar a cuberta xurdiu logo de que o pavillón resultara danado



polos fortes ventos deste inverno. Preparamos a documentación para optar ás axudas e así mellorar as instalacións”.

Esta actuación enmárcase nun plan máis amplo do Concello para mellorar a eficiencia enerxética e a envolvente térmica dos edificios

municipais, como xa se fixo en antigas escolas parroquiais, na Cámara Agraria, na Casa Consistorial e no pavillón de Sante. Recentemente, o Concello tamén adquiriu unha nova máquina fregadora aspiradora para o mantemento da pista do pavillón.

Conclúen os traballos na área recreativa da parroquia de Vilapena



Finalizan as obras da nova área recreativa na parroquia de Vilapena, cun investimento total de 30.000 euros. Está situada nunha parcela de propiedade municipal, moi preto do núcleo rural de Vilapena, e tamén no inicio e final da Ruta Circular da Fraga da Vilapena.

O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou a importancia da proximidade a unha das rutas de sendeirismo máis relevantes do concello, sinalando que esta situación favorece a súa función como área de descanso tanto para os

veciños como para os visitantes. “Pensamos que é un lugar idóneo para a creación dunha área recreativa e de descanso, ampliando a rede de áreas que temos polo concello”, engade o rexedor.

Por outra banda, comezan as obras na estrada que vai ao Val das Eguas, na parroquia de Vidal e na da Penela, na parroquia de Trabada. “Dende o Parti do Popu lar de Trabada sempre apoiamos as inversións que veñen dende a Xunta e poñémolas en valor”, asegura o voceiro popular no municipio José María Fernández.



O Concello e Paso a Paso convocan unha nova ruta polo monte Roxal-Teixido

O Concello presentou os detalles dunha nova ruta de sendeirismo, en colaboración coa asociación local Trabada Paso a Paso. O percorrido, de 8 quilómetros, levará aos participantes polo monte Roxal-Teixido e terá unha dificultade media-baixa. A saída está programada para o 13 de outubro ás 10.00 horas desde a praza do Concello.

Ao rematar a ruta, os asistentes poderán gozar dunha comida organizada para todos. As prazas son limitadas, e o prazo de inscrición estará aberto ata o 9 de outubro, dispoñendo o número de teléfono do concello (982 135 011) para realizar as reservas. O alcalde de Trabada, Rubén García, expresou a súa satisfacción pola boa acollida que están a ter as rutas organizadas no municipio, destacando o valor de combinar o deporte coa natureza. “Seguiremos apostando por este tipo de actividades en Trabada”, afirmou.

O PP acusa de “hipocrisía” ao PSOE tras o peche do PAI

O Partido Popular de Trabada condenou o que consideran unha “hipocrisía” por parte do goberno local do PSOE, despois de que este decidise pechar o Punto de Atención á Infancia (PAI) por non haber suficientes nenos para manter o servizo. A formación popular critica que, mentres o PSOE local protesta pola prestación do servizo de Atención Primaria, o centro de saúde de Trabada conta coa praza de médico que lle corresponde segundo a ratio de poboación, cumprindo así coa normativa establecida pola Xunta de Galicia. José María Fernández, voceiro do PP de Trabada, lamentou a situación, sinalando que “todos desexamos ter

máis médicos e mellores servizos públicos, e o PP de Trabada sempre loitará para que isto sexa así”. Fernández subliñou que, malia a escaseza de profesionais sanitarios que afecta a todo o país, a Xunta está a facer un “gran esforzo” para manter o persoal nos centros de saúde, especialmente nas zonas rurais como Trabada.

O PP insta ao PSOE local a dirixirse ao Goberno central, liderado por Pedro Sánchez, para reclamar unha solución á falta de médicos que afecta a todas as comunidades autónomas. Fernández sinalou que a medida máis efectiva sería aumentar as prazas MIR para poder formar máis médicos de Atención Primaria.

PARQUE INFANTIL



Iniciaron as obras para a cubrición do parque infantil da rúa de San Roque, co obxectivo de mellorar o uso deste espazo público en diferentes condicións meteorolóxicas. O proxecto, cun orzamento total de 51.203,14 euros, conta cunha subvención de 35.842,20 euros, mentres que o propio Concello aporta 15.360,94 euros. A nova cuberta será de material téxtil, o que permitirá protexer o parque tanto nos días de chuvia como nos de forte calor.

Final das obras na antiga escola unitaria de Vidal



O Concello de Trabada rematou as obras de renovación da vivenda da antiga escola unitaria da parroquia de Vidal.

O investimento nesta actuación ascendeu a 53.131,20 euros, dos que 46.286,54 euros precederon dunha subvención do IGVS tramitada e acadada polo Goberno local, que aportou 6.844,66 euros. “Continuamos co proceso de renovación das vivendas das antigas escolas unitarias, como xa fixemos

coas de Trabada, Vilapercide e Sante”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García, que engade que “destinaremos estas vivendas a alugueiro social, para aumentar o parque de vivenda social dispoñible en Trabada”. As actuacións incluídas en Vidal permitiron ao concello, entre outros aspectos, mellorar a eficiencia enerxética da vivenda e, con iso, as súas condicións de seguridade, hixiene e confort.

riotorto



Arias visita o colexio no inicio do curso escolar

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou no primeiro día de curso o CEIP de Riotorto, onde finalizará este mes a obra de rehabilitación integral que executa o Goberno galego cun orzamento preto de 520.000 euros.

O ritmo das obras intensificouse no verán, de xeito que xa están completados os traballos interiores de construción de falsos teitos, pintura e instalación de iluminación LED.

A renovación da cuberta tamén

está finalizada e agora estase a traballar no illamento polo exterior cun sistema tipo SATE e na instalación da caldeira de biomasa que substituirá á antiga de gasóleo.

Arias apuntou que no conxunto da provincia de Lugo retornaron ás aulas 32.392 estudantes dos niveis de educación Infantil (5.387), Primaria (13.774), ESO (9.891), Bacharelato (3.270) e Educación Especial (70). No municipio de Riotorto incorpóranse 35 nenos e nenas de Infantil e Primaria.

O BNG denuncia falta de personal no consultorio

Desde o BNG denuncian unha vez máis o deterioro do servizo de atención primaria no noso municipio. “Nos últimos dous anos e medio, pasamos de ter dous médicos no centro de saúde a contar con só un que non é substituído en períodos de vacacións ou días de libranzas”, din. Volve ocorrer nestes días. Afirmar que Riotorto leva dúas semanas sen persoal médico no centro de saúde polas mañás, no horario de atención habitual neste servizo. Só se fan consultas os martes e os xoves pola tarde, durante catro horas.

“A Xunta do Partido Popular está sometendo aos centros de saúde a unha incerteza e a un desgaste que ten como único obxectivo expulsar á xente da atención primaria e da sanidade pública, e converter a saúde nun negocio”, engaden os nacionalistas.

“Coa complicidade dun goberno municipal que se borra á hora de reclamar o dereito da veciñanza a unha atención continuada no seu centro de saúde, pero tamén á hora de informar sobre os horarios e a situación dun servizo fundamental”, conclúen.

LAVADOIRO



O Concello de Riotorto deu por finalizadas as obras de restauración e rehabilitación de Fonte e Lavadoiro en Teixeira, que recuperan o seu aspecto orixinal e presenza logo duns traballos que foron solicitados pola veciñanza e usuarios da fonte.

A asociación Osorio Gutiérrez fomenta a tradición con clases de baile e pandeireta

A Asociación Cultural Osorio Gutiérrez inaugura este curso 2024-2025 con actividades dirixidas tanto a nenos como a adultos a partir dos 3 anos. A proposta inclúe un mes de proba gratuíta, co obxectivo de achegar a música e a danza tradicional galega á comunidade. As clases impártense ao longo da semana en diferentes horarios.

Os martes é a quenda das clases de pandeireta para adultos a cargo de Elena para o nivel de iniciación. Os xoves de 18.00 a 19.30 horas terán baile e pandeireta Infantil, con opción de iniciación a cargo de Elena e perfeccionamento con Pedro Brañas.

De 20.30 a 22.30 horas é a quenda do baile e pandeireta para Adultos, centrado no perfeccionamento, tamén con Pedro Brañas. Os venres se 19.00 a 20.30, haberá clases de gaita e percusión impartidas por Pablo Peláez.

A asociación invita a todas as persoas interesadas a obter máis información chamando ao teléfono 616 636 320. A oferta abrangue diferentes niveis e disciplinas, sempre coa intención de promover a cultura tradicional galega mediante o baile, a pandeireta, a gaita e a percusión.

A localidade acolle unha nova Feria de Stocks entre o 11 e o 13 do mes de outubro

O municipio de Vegadeo comeza a conta atrás para a celebración da súa Feira de Stocks. A cita será do 11 ao 13 de outubro no recinto feiral do concello e celebrarase de 11.00 a 14.00 e de 16.30 a 20.30 horas. Deste xeito, no encontro poden participar os expositores que así o desexen.

Polo momento, manteñen abertas as inscricións a través dun formulario online para todos os negocios que queiran formar parte da proposta. Noutras edicións da feira sortearon vales de compra para os comercios locais, ademais de que programaron actividades infantís polas tardes co obxectivo de que sexa unha iniciativa para todo a familia.

lourenzá

Estrearán un paseo fluvial a carón do río Baos



Na última sesión plenaria aprobouse unha moción presentada polo BNG que propón a construción dun paseo fluvial ao longo do Río Baos. Os nacionalistas destacaron que o río representa un recurso natural de gran valor para o concello e sinalaron o seu potencial para o desenvolvemento de actividades recreativas e turísticas. O BNG subliñou que a construción deste paseo non só melloraría a oferta turística, senón que tamén serviría para promover a conservación do entorno natural e fomentar a educación ambiental.

O tramo inicial do proxecto está previsto entre a Ponte de Cuñas e o Pozo do Pombo, área que forma parte da Ruta Literaria Fernández del Riego, unha das zonas privilexiadas do concello. Un aspecto fundamental da moción é a participación da veciñanza. O BNG propuxo que o proxecto se desenvolva en colaboración cos veciños e os colectivos sociais, co obxectivo

de incorporar as súas achegas e opinións. Segundo os nacionalistas, a implicación cidadá é clave para asegurar que as accións a tomar teñan continuidade no tempo, considerando que se trata dun proxecto a medio e longo prazo.

Ademais, incluíuse unha emenda do grupo de goberno para trasladar o acordo a todos os organismos con competencias na materia e solicitar financiamento á Xunta de Galicia, co obxectivo de asegurar os recursos necesarios para levar a cabo o proxecto. Durante o pleno, o BNG tamén instou ao equipo de goberno a mellorar a axilidade nos trámites municipais, como a concesión de permisos para obras e o pago de subvencións a asociacións locais. A formación nacionalista sinalou que os atrasos nestes procesos están a causar problemas aos colectivos, dificultando o desenvolvemento das súas actividades.

vegadeo

O Automóvil Club Vegadeo prepara unha nova Ruta Parador

Automóvil Club Vegadeo organiza no municipio o día 19 de outubro a Concentración Turística XVI Edición Clásicos e Deportivos Vegadeo- Ruta Parador para vehículos históricos. A ruta terá lugar de 9.30 a 13.30 horas coa hora límite de entrada para os inscritos ás 11.00.

A saída dende Vegadeo será ás 13.15 horas con chegada ao parque de España de Ribadeo sobre as 17.30 horas e ao recinto feiral de Vegadeo ás 19.00 horas. As prazas están limitadas vehículos e as inscricións péchanse o 14 de outubro ou ata finalizar as prazas.



Os interesados poden realizar as inscricións a través da web do club.

Lourenzá

A oposición no municipio encabézana o popular Roberto Díaz e a nacionalista Belén Fanego

Lucía Blanco

A fiscalización e o control do goberno son tarefas que lle corresponden á oposición de cada concello, que tamén se encarga de velar polas necesidades da veciñanza. O popular Roberto Díaz e Belén Fanego do BNG exercen estas funcións no municipio de Lourenzá e apostan por potenciar o turismo e o comercio local, fixar poboación e mellorar os servizos sociais.

“Tratamos de estar atentos ás necesidades do concello e dos veciños, sempre estamos abertos as súas propostas para trasladalas ás institucións que corresponden. Somos os seus representantes e queremos afrontar o noso papel con responsabilidade”, di Roberto. O popular incorporouse como número 1 nas pasadas eleccións, aínda que xa formara parte das listas encabezadas por Emma Álvarez e Javier Rodríguez e sempre estivo pendente de acadar melloras para o municipio, formando parte da asociación de comerciantes e da comisión de festas da súa parroquia, Santo Tomé.

No caso da voceira nacionalista, ela presentouse por primeira vez no 1995, sendo concelleira durante 8 anos ata o 2003, pero agora decidiu regresar á vida municipal.



“Levaban anos propoñéndome encabezar a lista, mais a miña participación sempre a entendín de apoio ao resto de compañeiros. Este ano considerei que era o momento de cerrar etapas”, conta. Aportar ideas e posibles solucións aos problemas dos laurentinos, “apoiando o que está ben feito e propoñendo alternativas ás cousas que creemos que non están ben ou que se poden mellorar” resumiría ben o seu papel na corporación.

En canto á hora de desempeñar un cargo público, para ela a entrega debe ser a máxima posible dentro da disposición de cada quen e da situación persoal. “Estar na oposición, cun so concelleiro no noso caso implica facer un esforzo maior posto que toda a documentación a revisar debe pasar pola miña man, aínda que logo está o resto do grupo local que axuda no estudo e debate dos temas e fai achegas sobre os asuntos a tratar”. Esta traballadora do Sergas non ten relación laboral co Concello, senón que percibe uns 70 euros por asistencia a pleno, que se celebra cada dous meses.

RELACIÓN LABORAL. Asegura que o único beneficio que persegue coa súa acción política é “mellorar o benestar e a calidade de vida das laurentinas. O contacto coa xente sempre é enriquecedor”, opinión que comparte o popular. “O gran beneficio, sen lugar a dúbida, sería a satisfacción de colaborar e axudar aos teus veciños e veciñas, que dunha forma ou doutra tamén forman parte da nosa vida”, destaca Díaz. Aínda que o cargo supón restar tempo á familia e aos amigos. “E tamén hai que buscar un equilibrio entre os deberes como concelleiros e as obrigas laborais”. Porque, máis aló de aceptar o

compromiso de asistir ao plenos, “o resto do traballo que supón, de consultar información e documentación e atención aos veciños, facémolo de forma altruísta e repartíndonos as tarefas entre os tres concelleiros do noso gru-

BNG: “Queremos uns servizos sociais integrais, coas persoas no centro das nosas actuacións”

po”. Sobre as relacións co equipo de goberno, sostén que deben dar exemplo. “Aínda que teñamos diferentes ideas e puntos de vista, nun concello pequeno coma o noso, somos todos coñecidos e debemos levarnos ben. Por facer unha comparación é coma no fútbol: o que pasa no campo, queda no campo”. Fanego mantén que son como con un veciño ou veciña máis, correctas en canto ao trato persoal, pero lamenta os tempos eternos á hora de solicitar información e expedientes. “Podemos agardar meses por un informe que deben darnos en prazo máis curto. As actas das Comisións de Goberno chegan moi tarde e as propias actas dos Plenos municipais son aprobadas con varios meses de atraso. O feito de gobernar en maioría implica que non precisen ter en conta as nosas opinións”. A nacionalista defende o traballo, implicación e transparencia do seu partido, que marcan as súas liñas de actuación. “Ofrecemos rigor, traballo e, sobre todo, humildade e atención ás preocupacións da veciñanza e darlles participación para colaborar na busca de solucións. Caracterízanos as propostas en positivo, independentemente de que sexan

tidas en conta ou non polos diferentes gobernos municipais”. Pon de exemplo as Escolas Deportivas, a promoción da Faba ou o servizo de madrugadores, “no seu momento rexeitados polos gobernos tanto do Partido Popular como do PSOE, e a día de hoxe son unha realidade importante e en expansión”. Recentemente impulsaron a recuperación do servizo de Pediatría no centro de saúde e presentaron unha moción “que foi rexeitada para a mellora do SAF e outra proposta para mellorar a estrada LU P 2801”.

ASENTAR POBOACIÓN. Díaz afirma que a organización e o traballo caracterizan aos populares. “Agora mesmo este é unha das principais carencias no Concello de Lourenzá que, como calquera administración local, precisa dun traballo planificado para atender as cuestións do día a día e para sacar adiante proxectos máis a medio ou longo prazo”. E está convencido de desenvolver políticas activas para asentar poboación, empresas e comercio, “pois cada vez quedan menos”. Aposta porque os mozos e mozas vexan Lourenzá “como un concello atractivo, polo que se debe dinamizar a vida social e de ocio, ademais de favorecer a conciliación. Tamén temos moi en conta a necesidade de coidar, mimar e dotar de servizos os nosos maiores”.

Fomentar a cultura e o turismo, nunha vila cunha gran riqueza natural, patrimonial e histórica; seguir coidando e apostando polo deporte e polo sector primario “porque temos un val con moitas posibilidades e o noso produto estrela, a faba”, acaban de completar o seu programa. Pola súa parte, Belén tamén centra a súa proposta en potenciar o comercio e o turismo local “arredor da gran potencialidade que temos en materia de patrimonio e paisaxismo” e en desenvolver políticas de asentamento de empresas, “xa que Lourenzá ten que recuperar o seu esplendor industrial e comercial”.

Os servizos protagonizan as súas preocupacións. A concelleira nacionalista quere mellorar o abastecemento, a recollida selectiva de lixo, a limpeza viaria e de beirarrúas e avoga por “uns Servizos Sociais integrais, coas persoas no centro das nosas actuacións”. Asentar e recuperar poboación con man de obra que traballe a faba, unha mellor ordenación do sector forestal para aumentar os beneficios derivados da produción de madeira, un plan integral de roza e que se cumpra a Lei de prevención de incendios mantéñense como as necesidades da vila segundo Fanego.

MAR

Regresa o Camiño Gastronómico do Mar



A Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7) e a Asociación Amigos do Camiño do Mar lanzan a quinta edición do Camiño Gastronómico do Mar, que se celebrará durante os meses de outubro e novembro. Esta iniciativa ten un dobre obxectivo: promocionar o Camiño do Mar, unha ruta xacobeá costeira, e fomentar o consumo de peixe, especialmente do peixe de Burela.

A presentación oficial terá lugar o venres 11 de outubro no Salón de Actos de Armadores de Burela, contando coa presenza do Conselleiro de Mar da Xunta de Galicia, Alfonso Villares, e de representantes da OPP Burela e da Asociación Amigos do Camiño do Mar. No acto tamén estarán presentes membros dos concellos e mancomunidades polas que transcorre o Camiño.

O evento dará comezo o domingo 13 de outubro coas primeiras etapas do Camiño Gastronómico do

Mar. Durante sete fins de semana, os participantes percorreren a pé 15 concellos da costa norte galega, dende Ribadeo ata Neda, atravesando comarcas como A Mariña Lucense, Ortegal e Ferrolterra-Rías Altas. Cada etapa terá uns 15 quilómetros e estará limitada a 50 persoas, que deberán inscribirse previamente na web oficial da asociación.

Un dos maiores atractivos desta iniciativa son as degustacións de produtos da lonxa de Burela ao remate de cada etapa. Os chefs da Asociación Cociñeiros Lugo, coa colaboración de Estrella Galicia e Cabreiroá, encargaranse de preparar os pratos, ofrecendo unha experiencia única aos camiñantes. Ademais, os participantes poderán selar o seu propio carné de peregrino en cada concello, e ao final do camiño, sortearase unha comida ou cea para dúas persoas no restaurante O'Asador del Alba, en Barreiros.

Investirán en melloras no porto de Foz e nunha nova dragaxe

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, informou hoxe na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo do Parlamento galego sobre os plans de mellora para o porto de Foz. Segundo explicou, o proxecto inclúe a dragaxe da dársena e do acceso ao porto, así como a remodelación das instalacións portuarias, cun investimento total de 3,5 millóns de euros.

Álvarez detallou que a dragaxe, cun orzamento de 1.130.000 euros, está pendente de recibir o informe ambiental do Ministerio de Transición Ecolóxica, presentado en novembro de 2023. Esta actuación permitirá recuperar o calado nas zonas de acceso e na dársena, acadando profundidades de entre -2,5 e -1,5 metros, e inclúe posteriores dragaxes de mantemento nos próximos anos. En relación ao material que se extraerá, Álvarez explicou que os áridos recollidos na canle de acceso serán reutilizados para a recuperación da praia de Altar, mentres que os materiais da dársena serán depositados en alta mar. Ata agora, a tramitación do proxecto xa xerou un gasto de 70.000 euros, que se suman aos 1,1 millóns investidos en anteriores dragaxes no porto de Foz.

Ademais da dragaxe, Portos de Galicia traballa na remodelación da dársena deportiva para aumentar a súa capacidade de amarres e mellorar as condicións operativas. O obxectivo é crear 130 prazas para



embarcacións de entre 6 e 12 metros, resolvendo problemas como o exceso de axitación interior. Álvarez indicou que xa se completaron estudos previos, como a inspección das instalacións actuais, o análise do clima marítimo e das características de sedimentación, así como o deseño de alternativas para a nova configuración do porto.

Esta intervención, subliñou Álvarez, é parte do compromiso da Xunta de Galicia para mellorar a infraestrutura portuaria de Foz e garantir a súa operatividade a longo prazo, cun proxecto pensado para satisfacer as necesidades tanto dos usuarios deportivos como dos operarios locais.

O PP LOCAL. Os concelleiros do Partido Popular de Foz instan ao Ministerio de Transición Ecolóxica a emitir os informes pendentes necesarios para continuar coa tramitación am-

biental e a licitación do dragado da canle e da dársena do Portochico. Esta actuación, segundo explican, é clave para o crecemento económico da localidade.

Javier Castiñeira, voceiro do PP en Foz, participou xunto con outros concelleiros e representantes da asociación A Ribeira nunha xuntanza co presidente de Portos de Galicia, onde se analizou o estado do expediente. Castiñeira subliñou que a demora por parte do Ministerio está a ralentizar o proceso, a pesar de que os informes foron solicitados hai varios meses. “É fundamental que se axilicen estes trámites para que o proxecto poida avanzar, xa que está en xogo o futuro económico do noso concello”, afirmou.

Por outra banda, o PP de Foz agradeceu á asociación A Ribeira o seu apoio e preocupación pola execución deste proxecto.

ECOLÓXICOS A MARES



A consellería do Mar aposta pola acuicultura ecolóxica como elemento clave do sector pesqueiro galego. Así se pon en valor coa colaboración levada a cabo co Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), a través da iniciativa Ecolóxicos a mares, que ten como obxectivo difundir e mellorar a comercialización dos produtos ecolóxicos do mar galego e contribuír a consolidar a comunidade autónoma como referente internacional no sector acuícola. O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, visitou a foodtruck que recalou en Ribadeo e onde destacou a importancia desta modalidade pesqueira para manter a soberanía alimentaria, a través da sostibilidade.

Foron adxudicadas as obras de mellora no porto de San Cibrao

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e Portos de Galicia, vén de adxudicar as obras para mellorar os departamentos de armadores no porto de San Cibrao. O proxecto, que conta cun orzamento de 365.000 euros, ten como obxectivo o acondicionamento de tres edificios que albergan 10 locais destinados a profesionais do mar. Os traballos están previstos para comezar en outubro.

A actuación inclúe o acondicionamento de tres edificios que albergan 10 locais destinados a armadores. Os traballos consistirán na substitución de cubertas, baixantes e canalóns, así como na pintura de fachadas e outras melloras para reducir o mantemento e mellorar a integración estética do espazo. Está previsto que as



obras comezan ao longo do vindeiro mes de outubro, tras a formalización do contrato coa empresa adxudicataria, elixida entre 8 ofertas presentadas ao concurso.

Ademais, o conselleiro do Mar anun-

ciou que Portos de Galicia ten previsto reparar a nave de varada de San Cibrao. Esta intervención implicará a renovación da estrutura metálica e da cuberta, estando pendente actualmente a redacción do proxecto.

DEPUTACIÓN

O Pleno reclamará á Xunta que resolva a falta de profesorado

A Deputación esixiralle á Xunta que resolva a falta de profesorado e recupere a gratuidade dos libros de texto neste curso escolar que vén de comezar. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de setembro tras a proposta de Goberno, que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG, do BNG e coa abstención do PP.

Explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que un ano máis, “como vén sendo costume dende o 2009” o inicio do curso académico en Galicia revela a distancia que medra entre a actitude “triumfalista” da Xunta e as carencias que denuncian as familias, os mestres e a comunidade educativa. “A Xunta ofertaba nas últimas oposicións 1.512 prazas de novos profesores, pero só cubriu 1.256. As 256 prazas non cubertas eran un capricho administrativo? Non obedecían a necesidades reais? Non hai entón unha falla de profesores?”, preguntou no Pleno García Porto.

“Dicir que a educación infantil é de balde é un xeito de agochar a falta de prazas públicas en escolas infantís”, denunciou García Porto. A Xunta asegura que coas 32.000 prazas dispoñibles, sumando a oferta pública e privada, está escolarizado o 56,4 % dos nenos entre 0 e 3 anos. “Se as cifras que ofrece a Xunta son fiables, a aplicación dunha simple regra de tres revela que farían falla máis de 25.000 prazas en escolas infantís para atender ao cento por cento da poboación infantil e as necesidades de conciliación das familias”, engadiu. Reprochou tamén que non se pode falar de gratuidade na educación primaria e na ESO cando unha



familia continúa a gastar de media uns 600 euros de media en libros e material escolar cando arranca o curso.

Unhas carencias que, segundo explicaba García Porto, afectan gravemente á provincia de Lugo e especialmente aos concellos do rural.

O texto da proposta aprobada reclama tamén que se garanta a presenza dos profesores de apoio para todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais, que se cumpran as ratios de alumnos por aula pactados cos sindicatos e que se presente un plan para incrementar as prazas de educación infantil ata garantir a plena escolarización nesa franxa de idade.

Medidas para evitar a suba do canon de recollida de lixo

O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que tome medidas para evitar a suba da taxa de tratamento de lixo aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, do BNG e cos votos en contra do PP.

Co acordo adoptado no Pleno, a institución provincial esixe, por unha parte manter o canon establecido aos concellos galegos de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada; manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario; que se reparta a contía de 12,1 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos; que se achegue a Sogama a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificación no canon dos concellos; incrementar as subvencións aos concellos para implementar medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos; que se constituía unha comisión de traballo entre Sogama, as Consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025; e ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022.

Escollidos os gañadores dos Premios de Turismo e Gastronomía



A reunión do Consello Provincial de Turismo deu a coñecer os sextos Premios á Excelencia de Turismo nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense, e, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e ao Turismo Sostible. Uns premios instaurados por este órgano participativo e consultivo que creou a institución provincial.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense o xurado distinguiu A Ruta dos Lobos da Fonsagrada e a Mina Consuelo e Boulloso da Pontenova; na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense premiouse á Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite de Ribas de Sil, e a Feira do Capón de Vilalba; e na de Turismo Sostible cun único premio foi concedido ao Barco Museo Reina del Carmen de Burela, e outorgouse un accésit á Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

“Estes galardóns, instaurados por este órgano participativo e con-

sultivo que creou a institución provincial, representan un merecido recoñecemento ao traballo e á traxectoria exemplar de empresas, persoas, institucións ou entidades no ámbito do turismo e a gastronomía da provincia”, explicou Pilar García Porto.

A decisión adoptada polo Consello Provincial de Turismo debe ser agora aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, como órgano competente para a resolución da convocatoria dos distintivos, e posteriormente publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Os premiados recibirán a súa distinción nun acto que celebrará a institución provincial o vindeiro 27 de setembro, con motivo do Día Mundial do Turismo.

O xurado estivo formado por 18 persoas que forman o Consello de Turismo, vinculadas a este sector e coa presenza de representantes dos tres grupos políticos da Corporación provincial.

Firman un convenio para impulsar a investigación tecnolóxica

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, mediante o cal a institución provincial achega a esta entidade un total de 9.500 euros. Trátase dun acordo entre a Deputación, a USC, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) para promover actividades de investigación tecnolóxica, favorecer a difusión no medio económico e social e impulsar a súa dinamización a nivel interno entre a propia comunidade universitaria.

As iniciativas que se inclúen nesta colaboración e que se desenvolven a través do Campus de Lugo van dirixidas a dar a coñecer entre o profesorado da Universidade os proxectos e as convocatorias de I+D+i realizadas por distintos organismos e entidades a nivel autonómico, estatal e internacional. Nesta actuación inclúese tamén o apoio, mediante persoal técnico, na elaboración de propostas das distintas convocatorias. Así mesmo, tamén se introduce a captación de recursos e proxectos para diferentes áreas e a difusión dos resultados

dos proxectos e actividades de I+D+i do Campus de Lugo nos medios de comunicación, o que favorecerá a transferencia de coñecemento ao conxunto da sociedade.

O orzamento total deste convenio ascende ata os 62.800 euros, dos cales Caixa Rural Galega achega un total de 50.000, a Universidade 3.300 e a institución provincial a contía restante -9.500-.

No acto de sinatura, o mandatario provincial recordou que a Deputación mantén unha colaboración activa coa Universidade de Santiago de Compostela.

ASOPORCEL



A Área do Medio Rural da Vicepresidencia reforzará a colaboración con Asoporcel para colaborar no financiamento das iniciativas de promoción do consumo de carne desta raza autóctona que a asociación de criadores desenvolverá coincidindo co 25 aniversario. Daniel García mantivo un encontro de traballo con representantes da entidade, na que se acordou unha colaboración excepcional de 12.000 euros e na que se puxo en relevo o traballo desenvolvido pola entidade na recuperación da raza e na promoción dos seus produtos nas feiras e mercados de proximidade como un referente de calidade.

DEPORTES

Fixan as datas da Ruta BTT Augas Santas

A AD Augas Santas fixa as datas da III Ruta BTT Auga Santas en San Miguel de Reinante, que será o próximo 17 de novembro de 2024, ás 9.30 da mañá. Trátase dunha marcha cicloturista non federada e non competitiva, aberta a todos os afeccionados á bicicleta de montaña. Percorrerá o Concello de Barreiros, pasando por lugares emblemáticos como os miradoiros de Penabor e Comado, así como polas inmediacións do San Estevo do Ermo e a súa capela, e polo xacemento de A Roda en Barreiros. Este ano a ruta será de 34 km 1100+. O percorrido está deseñado para realizarse nun 90% por camiños e pistas forestais ben sinalizadas, contando tamén con algúns tramos técnicos e pistas algo máis deterioradas, ofrecendo así un reto interesante para os participantes. Esta actividade ofrece unha oportunidade única para gozar da beleza natural do Concello de Barreiros, ao mesmo tempo que se practica deporte nun ambiente non competitivo e de disfrute colectivo. Os interesados poden realizar a súa inscrición en CCNorte ata o 13 de novembro.

Aínda que a marcha contará cunha única distancia, nalgúns puntos haberá dúas variantes sinalizadas para que os participantes poidan elixir en función da súa destreza. O tráfico estará aberto á circulación de vehículos, polo que nos cruces con estradas será imprescindible seguir o código de circulación para garantir a seguridade de todos. A organización marcará o percorrido con cintas, letreiros e pintura biodegradable para facilitar a orientación dos participantes.

Preparan a oitava edición do Trail Monte Comado de Barreiros

Barreiros conta os días para unha das citas deportivas máis esperadas e consolidadas do municipio. A Asociación cultural e deportiva Praias de Comado xunto co Concello organiza así a oitava edición do Trail Monte Comado. A cita será o vindeiro domingo 13 de outubro e conta coa colaboración da Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia. Ofertan trail 12km e trail 26km nas categorías sénior, para persoas nadas dende 2008 a 1980, ambos incluídos e veteranos, para os nados en 1979 ou antes. Os interesados poden anotarse ata o vindeiro 10 de outubro por un prezo de 18 euros para a modalidade de 12 quilómetros e por 23 no caso de facer os 26 quilómetros.

400 atletas estiveron no regreso da Heroican Race de Ribadeo

A Heroican Race volveu a Ribadeo na súa cuarta edición, consolidándose como un dos eventos máis destacados no panorama das carreiras de obstáculos en Galicia. Con 8,2 quilómetros de percorrido e 25 esixentes obstáculos, case 400 participantes enfrontáronse ao reto nunha xornada marcada pola emoción e o esforzo. O evento, que reuniu a máis de 1.000 asistentes, foi organizado pola Asociación Gallaecia Extrem Race en colaboración con BeOne.

Contou co apoio da Xunta de Galicia, o Concello de Ribadeo e empresas como Matrix, Eciman, Prace, Gadis, Estrella Galicia, entre outras. Na categoría elite masculina, Adrián Ledo proclamouse vencedor, mentres que na categoría elite feminina, Fuencisla Vaquero destacou cunha actuación impresionante. Na categoría popular competitiva, os gañadores foron



Cristian Bermúdez e Jennifer Barroso.

A entrega de premios estivo presidida polo alcalde de Ribadeo, Daniel Vega, o CEO de BeOne, Roberto Ramos, e representantes dos patrocinadores, que destacaron o impacto positivo deste evento na promoción do deporte e do turismo local. A Heroican Race,

que forma parte da Liga Española AOCO (Asociación de Organizadores e Clubes de Obstáculos España), non se celebraba dende 2018, cando tivo lugar en Figueirido, Pontevedra. O seu regreso a Ribadeo reafirma o éxito das anteriores edicións e consolida o evento como un referente a nivel nacional.

Trabada celebra o seu II Torneo de Bolos

Trabada celebrará o seu II Torneo de Bolos o domingo 13 de outubro, nunha xornada que promete destacar o deporte tradicional. O evento desenvolverase no Campo de Bolos de Trabada en horario de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

A competición contará coa colaboración do Club de Bolos Ribatra, que reúne xogadores de Barreiros, Ribadeo e Trabada. O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou que "con esta iniciativa pretendemos dar máis a coñecer este deporte tradicional que durante tantos anos se xogou na nosa localidade".

García tamén sinalou a importancia de ampliar a oferta deportiva do municipio e dar uso ao novo campo de bolos, construído polo concello o pasado ano. O torneo está aberto a xogadores federados e non federados, baixo a modalidade de bolos en liña con desquite. O prazo de inscrición estará aberto ata o 9 de outubro, e poderá realizarse nas oficinas municipais ou a través do teléfono do Concello (982 135 011).

EN BREVE



ARTES MARCIAIS. O concelleiro de Deportes de Ribadeo, Francisco José Silvent, fixo entrega dos diplomas aos cincuenta participantes do curso de kumite, que tivo lugar no pavillón municipal. A formación foi impartida por Rubén Villaverde Canal, destacado karateka con títulos como campión de Europa cadete en 1995, subcampión de Europa junior en 1998, e campión de España en varias ocasións, ademais de 10 veces campión de Asturias e 6 veces campión nacional no estilo Gensei Ryu.



NATACIÓN. O Concello de Cerro acolleu unha vez máis ao Club de Natación PortaMiñá de Lugo, que disfrutou de varias xornadas de preparación para afrontar a nova tempada. A alcaldesa, Dolores García Caramés, recibiu á expedición na praia do Torno, onde tamén se atopou co presidente do club, Fernando Timiraos. O Club PortaMiñá leva máis dunha década elixindo Cerro para as súas xornadas de convivencia e deporte.



Troitas Bravas continúa á fronte da liga de billarda logo da segunda xornada

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Coa VI edición do Aberto de Billarda A ceo aberto deu comezo a segunda xornada da LNB NorLeste.

Foi no campo de fútbol Manuel Luna de Pol, debidamente acondicionado para a ocasión, onde se deron cita 73 palanadores (47 homes, 16 donas e 10 cativos).

Nunha fermosa mañá, so un pouco de vento puxo en algún aperto aos palanadores que porén souberon capear a situación con bo humor, e falando de humor destacar como sempre a Juncal, palanadora alegre onde as haxa que festexa cada golpe brincando polo campo e que por certo deu a de cal acadando o terceiro posto de donas por detrás

das grandísimas estrelas Irea e Alba. Por equipos os Troitas volven ser Bravas e gañaron con solvencia por diante de Carabullo e dos Billardeiros musicais, seguen a ser o equipo máis numeroso e difícil de bater.

Gañador foi Sachas con 24 punto e o actual Coroceiro Nacional David Navallo foi segundo con 22. Terceiro foi Sachas, do anfitrión Billarda Verde, logo dun desempate con Dani de Carabullo. E Madia Leva non dá opción en infantís, Diego e Mateu só deixan libre o terceiro posto, ocupado nesta ocasión por un gran Mateo de Troitas. Entrega de agasallos por parte de Manu e fin de festa emprazándonos para o vindeiro 20 que volverán xogar na Pontenova.

“Animámonos a organizar a Marcha Xoviética polas peticións”

Komando Xoviético prepara a sétima edición da proba o 20 de outubro

Lucía Blanco

Xove celebrará o vindeiro 20 de outubro a sétima edición da consolidada Marcha Xoviética, unha ruta ciclista impulsada polo club Komando Xoviético. “Nós non esperamos un número concreto de ciclistas. Poñemos un máximo de 250, porque o que facemos queremos que saia ben e entendemos que moita máis xente escapa xa ao noso control. De 200 adoitamos pasar”, explica César, presidente do colectivo. Este ano serán uns 37 quilómetros e un desnivel acumulado duns 1200 metros.

“Sempre facemos entre uns 30 e uns 40 quilómetros, dependendo en cada convocatoria do nivel fixamos máis ou menos distancia”. A participación flutúa cada ano “un pouco, porque tamén nos pillou a pandemia e iso afectou moito”, pero adoitan reunir deportistas de toda a comunidade e tamén de fóra de Galicia. “De Xove vimos maioritariamente os que somos do club. Aínda que ese día tampouco podemos participar coma quen di, porque temos que organizar todo. Entón a maioría é de fóra, de concellos e de provincias limítrofes e mesmo doutras comunidades como o País Vasco e Andalucía”.

E, pouco a pouco, a proposta deste colectivo mariñán vai rompendo barreiras e consigue dinamizar

a vida na vila esa fin de semana. “O municipio xa é bastante coñecido pero cada vez vén máis xente de fóra, mesmo ten participado algún estranxeiro porque tamén poden estar de paso por aquí e aproveitan”. A hora de saída está programada para as 9.30 e os interesados poden facer a súa inscrición a través do formulario na web da Federación de Ciclismo Galego ata o 16 de outubro. O prezo son 20 euros para os non federados e 10 para os que si o son e o importe inclúe unha camiseta e un bote de mel. Poderán participar as categorías Sub 23, Máster 60, 450, 40 e 30, tanto masculinas como femininas, así como Júnior, Cadete e Élite.

Unha das novidades é que dende a organización apostan por inspirarse na serie máis famosa de zombis de todos os tempos. Deste xeito, ambientarán esta nova convocatoria no drama apocalíptico de *The Walking Dead*, pero mantendo a mesma filosofía coa que botou a andar: fomentar un día de puro BTT para facer desfrutar a todos os participantes. “A idea naceu porque queríamos facer unha proba de BTT aquí no municipio. Eu estiveira organizando a Ruta da Merluza de Burela, entón por petición da xente animámonos”, lembra César. A falta de semanas de compartir

unha xornada con todos os afeccionados, ultiman os detalles para que un ano máis o encontro deixe moi bo sabor de boca. “Xa temos todo máis ou menos preparado e encamiñado, o que máis leva é o tema do papeleo porque cada vez complicase máis o tema burocrático”. Planificar e manter no calendario unha actividade destas características non resulta sinxelo para o colectivo, composto duns 40 membros e que busca tamén o relevo xeracional.

“É algo que vai lento, temos xente nova, pero que queiran continuar o legado non tanto. O club conleva organizar, fomentar actividades, crear propostas, traballos de limpeza do monte, planificar rutas... Hai moito traballo detrás que non se ve. De momento seguimos a mesma directiva que empezamos e temos ganas de ir cambiando, así que a ver se van animando”, afirma. Porque o que si que confirman é que se trata dunha práctica que gaña adeptos. “Cada vez hai mais afección por todo tipo de ciclismo. Agora esta en auxe tanto en estrada, como en montaña como en *pumptrack*. De feito, tamén puxeron un circuito *pumptrack* aquí en Xove que, aínda que o montaron agora, era unha petición do club de fai moitos anos”.



Marcelino Rodríguez conquistou o Campionato de España de Bolo Celta

Marcelino Rodríguez, do Club de Bolos Xove, máis coñecido como Chucas, proclamouse campión de España na categoría de Superveteranos no Campionato de Bolo Celta celebrado nos Campos Federativos da Federación Galega de Bolos en Nigrán. O evento reuniu a uns 30 participantes veteranos e superveteranos de Asturias, Galicia e Madrid.

Na categoría de Superveteranos, destinada a xogadores maiores de 65 anos, Chucas demostrou unha vez máis a súa destreza e excelente forma física aos seus 66 anos, sendo un exemplo a seguir para moitos. O seu dominio fíxose evidente desde a fase de clasificación, na que acadou máis de 500 bolos, superando a todos os seus competidores.

Nas eliminatorias, Rodríguez seguiu a súa racha vitoriosa, ven-



cendo a José Ramón Martínez, do club Bolos Portamean de Baiona, en cuartos de final. Posteriormente, superou a Alfredo Campo do Centro Asturiano de Madrid nas semifinais. Na final, enfrontouse ao gondomareño José Rodríguez, un dos xogadores máis laureados no Bolo Cel-


ta, cun impresionante palmarés que inclúe títulos a nivel galego, nacional e intercontinental. A vitoria de Chucas no campionato subliña non só o seu talento, senón tamén a súa boa forma física, que lle permite manter un altísimo nivel de competición a pesar da súa idade.

Trabada terá o primeiro Campionato de Balinera

O Concello de Trabada celebrará o seu primeiro Campionato de Balinera o vindeiro 12 de outubro no Complexo Deportivo da localidade. O evento dará comezo ás 11.30 da mañá e ofrecerá diversos premios para as persoas gañadoras. O primeiro premio será unha carabina de madeira da marca Gamo, mentres que o segundo posto levará un taladro Einhell. O terceiro premio será un maletín de chaves de vaso marca Irimo.

A organización do campionato contou coa colaboración da ferretería local Top 10, que proporcionou o material necesario para a realización da competición. Segundo o alcalde Rubén García, esta nova iniciativa busca ofrecer aos veciños e veciñas unha actividade diferente, ampliando as opcións deportivas e de lecer no municipio.

Ademais, ás 14.30, tras a compe-



tição, terá lugar unha comida no Mesón Norte. O menú inclúe callos, carne asada, sobremesa, café, bebida e pan, cun prezo de 25 euros por persoa. A inscrición, que está aberta ata o 9 de outubro, poderá realizarse nas oficinas municipais ou chamando ao número 982 135 011. Para participar é necesario ter 18 anos ou máis.

COLABORACIÓNS

A necesidade dunha/dun enfermeiro escolar

O PUPITRE



Julio Díaz

De todas/os é sabido que a saúde escolar debe velar polo benestar integral da comunidade educativa, fortalecendo condutas de autocoidado e hábitos saudables a través da promoción, prevención e investigación en saúde.

Recabados datos na nosa comunidade autónoma, a día de hoxe dispoñemos, nos centros públicos galegos, dunha quincena de profesionais da enfermería que resultan a todas luces insuficientes e fan que a figura do enfermeir@ escolar sexa un profesional testemuñal nos nosos centros educativos.

Nas últimas décadas, en España, produciuse un importante cambio nas estruturas social e como consecuencia,



tamén educativa. Os nenos incorpóranse á escola a idades moi temperás, o que fai que se detecten antes as necesidades educativas actuais.

A sociedade actual presenta cada vez unha maior porcentaxe de alumnos que asisten aos nosos centros educativos con trastornos do desenvolvemento, patoloxías ou situacións sanitarias específicas, agudas ou crónicas. É por iso que a necesidade dun

profesional da sanidade integrado no ámbito educativo é de vital importancia. A enfermeir@ escolar defínese como o profesional de enfermaría que desempeña o seu labor no ámbito escolar, prestando atención e coidados da saúde nos centros educativos. A presenza da enfermeir@ escolar nos centros educativos galegos é fundamental para ofrecer unha boa educación na saúde dos mozos, ofrecéndolles as pautas e ferramentas necesarias para evitar hábitos como a drogadicción, o tabaquismo ou trastornos alimentarios, entre outros.

A inclusión dunha enfermeir@ escolar nos cadros de persoal dos centros educativos supón unha inversión na saúde futura dos nosos rapaces, e favorece a tranquilidade e seguridade dos pais/nais que saben que os seus fillos están en mans de profesionais sanitarios cualificados que poden atenderlos ante calquera imprevisto. De igual maneira, o

profesional de enfermaría pode desenvolver un papel fundamental como axente mediador entre os pais/nais e o profesorado do centro educativo de cara a mellorar os hábitos de saúde dos nosos alumnos, dándolles a coñecer a mellor maneira de coidarse eles mesmos e os demais. A figura dunha enfermeira ou enfermeiro no centro escolar evita que o profesorado teña que asumir responsabilidades para as que non ten com-

petencias, nin formación específica aportándolle seguridade, evitando que o persoal docente teña que facerse cargo dalgúns coidados e actuacións en situacións de urxencia.

Concluir que á enfermeir@ escolar nos nosos centros educativos garantiría tranquilidade e beneficios á comunidade, non só mediante actividades de prevención ou asistenciais, senón tamén mediante estratexias de educación para a saúde.

O RECUNCHO DE CANELINA



Quitaesencia

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Canta Roberto Carlos que non gañas ao intentar esquecerme. Durante moito tempo na túa vida, eu vou a vivir. Detalles tan pequenos dos dous, son cousas moi grandes para esquecer. E a todas horas van a estar presentes, xa o verás. Eu sei que namentras existamos, lembraremos.

E que o tempo transforma todo amor en case nada, pero eu non me esquezo dun gran detalle, un gran amor non vai a morrer así, por iso de vez en cando, vas volver acordarte de min. Se cadra, a cuestión dos detalles podería contribuir a aclarar máis do que quixeríamos dar a entender. Sostén Josep Pla que a acumulación de detalles, nos escritores estritamente realistas, é ás veces tan grande que chega a cansar. O detalle seica é un elemento que revela que o artífice meditou o suficiente sobre a súa

actividade como para chegar a entender que o soporte básico da intelixencia é o detalle. O demais é irresponsabilidade e romanticismo.

Cuestión de detalles, supoño. Acostumamos a vivir axiña, a correr sen xeito tratando de chegar a todo, sen reparar en moitas cousas transcendentales. No sorriso do neno que normalmente agarda chorando polo autobús do colexio, porque ben seguro que hoxe vai a ter un bo día. Só nos fixamos cando temos a mente esperta ou cando precisamos de sinais. Estou moi de acordo en que son os detalles os que definen a grandeza dunha persoa, porque as cousas grandes si están nos pequenos detalles.

Onte o meu alumno J. tróuxome flores, porque si, sabe que me gustan, axiña houbo algún que me felicitou pensando que estaba de aniversario, pero eu son muller de agosto, era simplemente un detalle. Coma cando paro nun bar e xa saben que quero un café, pasan inmediatamente a converterse en xente

da que me podo fiar. A ducia de ovos ben colocada agardando por min na casa de mamá ou o sobre de azucre que leva sempre no bolso a miña amiga Inés. Son mostras de cariño, algunhas das cales con moito traballo detrás. Pero nelas radica a diferenza, froito dun pequeno pormenor, sempre vai a nacer a comodidade e o estado de benestar. Acostumo os venres a desexarlles boa fin de semana aos alumnos cando rematamos as clases, nalgúns ocasións, é algunha rapaza a que se me adianta, e o meu corazón ponse contento.

Coma en todo, hainos pequenos que ata caben nun dedal, como atinaba Gayol a dicirlles a algúns dos seus pupilos, e outros máis grandilocuentes. Pero en cuestión de detalles, a grandeza coido que sempre está na fin. Un é detallista para facerlle sentirse ao outro dun determinado xeito, porque no detalle está posta toda a intención. Nun mundo no que cada vez somos máis e máis egoístas, reparar nun galano é un momento de fe-

licidade perfecta. Cando sei que vai a ir alguén á miña casa e eu non vou a estar, vou a procurar sempre ter a cafeteira preparada, ao gusto de quen veña. R. sempre trataba de esquecerme o abrigo ao carón da cociña de lume para cando saíse ao frío e agora son eu a que trata de amosarlle algún detalle convencida de que o pode chegar a sentir.


Os domingos sento ao carón de Javier na Misa, porque sei que iso o fai feliz, malia que a metade das veces xa non me recoñeza, pero sei que iso lle fai sentirse a gusto. Os detalles máis especiais non custan nada, mellor dito, só consomen o corazón. Teño unha alumna que tivo este verán unha perda moi grande, tanto, que non é xusto que ela tivera que pasar por iso, ten unha familia que a

arroupa e se preocupa de que sexa feliz, pese a todo. Malia ter que aprender moi noviña a vivir cunha ausencia tan grande vén a clase cunha amiga. Os primeiros días noteina coa cabeza baixa, pode que pola volta á rutina, ou pode ser porque para ela foi coma aprender a vivir de novo. Puxen especial atención, a súa amiga sempre estaba igual de atenta, ou máis ca min. En cada clase fun quen de percibir un pequeno xesto, un detalle para axudarlle a seguir, unha palabra para facerlle rir, o préstamo do bolígrafo máis bonito, un algo para que a notase presente. Ela segue estando e amósallo. Pareceume moi grande, para seren tan pequenas.

A nós os adultos, tampouco nos custa nada e deberamos aprender iso de que os detalles son a quintaesencia da vida.

Carmina Burana

CULTURA



Rebeca Maseda

A semana pasada asistín ao concerto inaugural da tempada 2024/25 da Real Orquestra Sinfónica de Sevilla no Teatro da Maestranza e foi unha velada musical memorable. A cita comezou coa Sinfonía n.º 39 de W. A. Mozart e logo dunha pequena pausa, Carmina Burana xunto ao Orfeón Donostiarra e uns solistas de primeiro nivel. Desde a explosión da primeira nota, seguida por un multitudinario e profundo coro enigmático, esta obra é unha das composicións clásicas máis populares e recoñecibles do século XX. Carl Orff estreouna o 8 de xuño de 1937 na Ópera de Frankfurt, e de paso, visibilizou os textos goliardos dos séculos XII e XIII nos que se inspira. É unha peza que esperta un torrente de emocións de todo tipo, tan potente e pegadiza que eclipsou o resto da obra do compositor alemán. A orixe de todo isto estaría na infancia de Carl Orff, un compositor cuxas obras adoitan estar

inspiradas en textos literarios. Desde neno concibiu a música como unha representación escénica que cativase ao seu público. Adaptaba pezas para monicreques e representábasas ante a súa familia. Aínda que estudou piano, sempre se inclinou máis pola composición. Os seus biógrafos lembraron que as súas primeiras influencias están en Richard Strauss, logo chegou a poesía alemá, viviu a Primeira Guerra Mundial onde foi ferido, volveu a Múnic a continuar os seus estudos musicais, e para entón, Igor Stravinsky e a súa vangardista “A consagración da primavera” xa era unha influencia universal que cambiaría a música.

En 1934, Orff le unha das edicións de Carmina Burana que empezou a editarse en 1847. A orixe da obra data de 1250, aproximadamente, cando estes cantos foron agrupados nun códice na abadía beneditina de Bura, Alemaña. Alí foron atopados en 1803 polo barón Johann Christoph von Aretin, e en 1847 un bibliotecario decidiu editalos. Carmina Burana é unha especie de “one-hit wonder” para Carl Orff, cuxa creación musical é moito máis. Por que ocorreu



isto? Que ten o Carmina Burana para gustar tanto á xente? Como é que o divino e o pagán conviven con tal harmonía nesa música? A penetración desta peza no gusto popular “é consecuencia do seu poder de suxestión lúdica”, explica Rafael Argullol. O narrador, poeta, ensaísta e profesor de Estética, engade que “é un exemplo moi sinalado de in-

terpretación moderna dun tema tradicional no que se conserva o espírito orixinal”. Argullol resalta que Orff “soubo trasladar á nosa época o selo dionisiaco”, música que invoca aos instintos máis primarios. Carmina Burana é a primeira parte da triloxía Trionfi que completan Catuli Carmina e Trionfo de Afrodite. Carl Orff elixiu 24

textos dos máis de 300 que ten o Códice orixinal. Con eles creou unha peza musical e escénica que consta de 5 partes: Introducción con Fortuna Imperatrix Mundi, Á primavera, Na taberna, Cortexo de amor e Final con Blanziflor e Helena.

Ante o éxito irresistible da obra, Torrelledó lembra unha resposta que deu Carl Orff á pregunta do seu editor de Schott Music: “Podería desfacerse de todo o que escribín ata agora e que, lamentablemente, publicou vostede? Coa Carmina Burana comeza o catálogo das miñas obras!”

Na difusión da obra contribuíu moito a cultura popular ao incluírse en películas como Excalibur, O exorcista, Asasinatos, A caza do Outubro vermello, A filla do xeneral e Tempos de gloria. No campo da música contemporánea grandes estrelas como Michael Jackson, The Doors e Nana Mouskouri incluíron nas súas producións, fragmentos-sobre todo os seus dous grandes pórticos, o inicial e o final-, protagonizados polo coro da Fortuna.

Amigos e amigas, sen dúbida estamos a falar dunha obra de audición obrigada, e se pode ser ao vivo, mellor que mellor!

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

DE RUTA EN RUTA

A Pontenova: Ruta do Muiñeiro Namorado

Trátase dun percorrido nunha paraxe espectacular, paralelo ao rego do Cairo e ligado a unha coñecida lenda

En plena Reserva da Biosfera, a ruta iníciase na desembocadura do rego do Cairo no río Eo, onde se conecta con outra tamén de éxito como é a Ruta do Ferrocarril. Está composta por 2 tramos enlazados, sendo o segundo deles opcional. O primeiro camiño é lineal, duns 4,8 quilómetros de ida e volta que pode percorrerse en pouco máis de dúas horas. Trátase dun camiño bastante asumible pois presenta un desnivel moi suave e vai seguindo o carreiro paralelo ao arroio. Este vai facendo unha serie de saltos graduados debido aos numerosos banzados que se fixeron para facilitar o rego dos prados que tradicionalmente protagonizaban a zona.


Antigamente a auga tamén se aproveitaba para mover as engrenaxes de varios muiños repartidos ao longo do percorrido. Precisamente os dous máis importantes encontráronse ao final deste tramo, próximos a Figueirúa. O segundo tramo, opcional, é circular duns 3,3 quilómetros, que se poden camiñar nunha

hora e cuarto e que nos achegan á aldea de Figueirúa. Neste caso debemos salvar un desnivel moito máis pronunciado. Se nos decidimos por facer tamén esta opción, na parte final, antes de conectar de novo co percorrido principal, poderemos contemplar a mina do Cairo, unha das numerosas catas que a Sociedade Mineira de Villaodrid fixo estudando a viabilidade comercial do mineral de ferro existente na zona.

A ruta recrea, como o propio nome indica, a senda que percorrían un muiñeiro e a súa namorada para compartir o seu amor que acabou en desgraza. Segundo conta a lenda, case un século atrás, no muiño que había xunto ás vías do tren, traballaba un mozo, fillo de muiñeiros e un dos que mellor dominaba o oficio. Grazas ao seu carácter e a que o seu muiño estaba á beira da vía do tren da liña Villaodrid-Ribadeo, eran moitas as persoas doutras localidades que frecuentaban o lugar, tendo ademais moito éxito entre as mozas.

Un día, achegouse unha nova rapariga de Neguri e nada máis vela o rapaz quedou prendado dela, resultando ser filla dun importante home de negocios e un dos principais investidores da Sociedade Mineira de Villaodrid. Durante os días seguintes, era frecuente ver aos dous mozos pasear ao longo do arroio do Cairo, percorrido que o propio camiño recrea case no seu estado orixinal tal e como o viviron os protagonistas.

Cando o pai da moza coñeceu a razón pola que a súa filla pro-



longara a súa estancia e comprobou que o mozo era un simple muiñeiro, obrigouna a regresar e prohibiulle volver visitar estas terras. Ela acabou por aproveitar as numerosas viaxes do pai para visitar ao seu amado. Finalmente, enviouna a estudar a Bos Aires e o mozo, para non perdela, decidiu embarcarse nun cargueiro. Algúns afirman que, cando estaba a unhas poucas millas do seu destino, é descuberto e para evitar ser repatriado, lánzase á auga e desaparece para sempre. Outros sosteñen que foi capaz de chegar á beira e, aínda que nunca se reencontrou coa amada, fixo fortuna producindo e exportando fariña de trigo de calidade.



DATOS



3 horas



8,1 quilómetros



Dificultade moderada



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.